

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

# AFONSO X E GALICIA

## E UNHA ESCOLMA DE CANTIGAS



PUBLICACIONES DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1980

ACADEMIA  
GALLEGA  
CRUÑA

141  
oteca

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

**34741**

Biblioteca

R 5318



Biblioteca



100

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

# AFONSO X E GALICIA

## E UNHA ESCOLMA DE CANTIGAS



Afonso X o Sábio, nado en 1251 e falecido en 1312, é o rei que máis fez por Galicia, tanto no campo como no espírito. Foi, sen dúbida, o monarca galego de maior alcance. O seu poligo de actividades foi consideravelmente rico, crendo-se que fizo o maior uso da literatura, para a difundir o seu nome, e para que fosse recordado como o autor das suas cantigas. As suas cantigas, e tamén as das outras ilustracions do seu tempo, só se conservan, e formam uns dos textos máis antigos e originais que se teñen da literatura galega. Na súa memoria permanecen as suas cantigas.

Deseo a cada lectoramento, que o non abandone a cultura das lenguas hispánicas. Sen mentiras nin partidismos, serán el suyo.

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1980

A F O N S O X E G A L I C I A  
E U NHA ESCOLA XA DE GALLIGAS



Depósito Legal: VG. 105 - 1980

I.S.B.N.: 84 - 600 - 1705 - 2



Achegarse á figura e aos feitos de Afonso X é atopar unha das más firentes paradoxas da vida histórica de Galicia, onde tantas se teñen dado. Foi, sen dúbida, o meirande “clásico” da nosa lingua. O seu rol nas letras galegas do medievo pode ter comparanza co que ten o Dante nas da Toscana; non é doado atoparlle parella de obra persoal e de corte nas outras literaturas da Romania. E, nembar-gantes, o home que fixó e erguéu tan outo a fala literaria, foi un rei alleo cando non adverso á nosa Terra.

Dícese, e con fundamento, que o seu abó Afonso IX foi o derradeiro Rei de Galicia. Sen asentarse nin participar como el no vivir deste Fisterre atlántico, San Fernando mantivo en moitas liñas o seu espírito. Criárase eiquí, voltóu, agasallóu aos nosos segleles nunha corte que soerguéu o galego como lingua non soio poética, senón cotián, e foron galegos algúns dos seus mellores persoeiros. E mesmo elexiu un casal de xenia galega pra a crianza do herdeiro.



Cedimou a las uerias como fose amaduras a seu amigo.

Como el pinto pela tua uirilli contr sanguino pelas roncas.

## A INFANCIA DE DON AFONSO

O fillo de San Fernando e de dona Beatriz de Suabia tivo por ama de cría a Urraca Pérez, nada “in villa Lifierno” localidade non identificada, e por aios a Garcí Fernández, señor de Villardemiro e de Celada, e á súa muller dona Maior Arias. Os dous eran de estirpe galega e tiñan pazo e terras na bisbarra ourensá de Maceda, onde Marcelo Macías supón que Afonso pasou parte da infancia, en Manzaneda de Limia, Alariz e outros lugares que lles pertescían e que eiqui adeprendéu o galego.

Garcí Fernández, que fora maiordomo de dona Berenguela e defendeu a sucesión rexia de don Fernando, asistiu ao cerco de Sevilla cas súas mesnadas, foi favorecido no “Repartimiento”. A súa dona sería da linaxe dos Arias de Galicia. El morréu no 1242 i ela sobreviveuno perto de vinte anos.

Garcí Fernández e Maior Arias recibiron, no 1232, de El-Rei San Fernando a doación da vila que chama Manzaneda i é Maceda, na Limia, con tódolos seus términos e pertenencias e cos dereitos do fisco rexio. A doación coincide ca viaxe do Rei Santo a Galicia. Garcí Fernández estivo ausente de Villamayor de Celada durante un ano despois desa doación. Éste é o tempo que se supón que pasou o Infante herdeiro en terras de Ourense, cando tiña once anos.

O Príncipe don Juan Manuel refírese a este costume do criar fora da corte, acougado, sen sofrir os trastornos do constante viaxar dos reis, que non tiñan ainda lugar de asento fixo, e mirando ben pola súa saúde: “Luego que los podían sacar de aquel lugar que nascían, luego los daban a alguno que los criase en su casa”. Don Afonso fala nas “Cantigas” da crianza do seu pai e do regreso á corte: “...seu avoo, que do reino de Galiza o fezera-viir...”. En troques cando outorga no 1255 un privilexo ao matrimonio que o coídara dí: “...por que don García Ferrández e su muger donna Mayor Arias me criaron e me fizieron muchos servicios e sennaladamente porque me criaron en Villardemiro e en Celada”. Cita os dous lugares da veiga de Arlanzón, en Burgos, defendidos polo castelo de Muñó, que era dos reis, e non fai referencia á posible moradía en terras galegas.

## EL REI NON VEN A GALICIA

Don Afonso quebra as tradicións rexias de vir a Galicia, de percorrela, de facer a “piadosa viaxe” a Compostela. O seu fillo don Sancho faino notar con amargura, nun diploma do 1286:

“Sepades que, por muchas querelas que me fezieron por toda la tierra de Galicia por donde yo andé, et me embiaron fazer de los otros lugares que non fui, que por razón después que el rey don Fernando, mío abuelo, veniere a Santiago, a enterrar su padre, el rey don Alfonso mío bisabuelo, que había más de L annos que non entrara en Gallizia otro Rey si non yo agora; et que los Prelados, et los Ricosomes, et los Abades et los Cavalleros et los Terreos et los Coteros les avian fecho mochos malos despechamentos...”

## O “CÓDIGO” DA TERRA DE SANTIAGO

No abrete mesmo do seu reinado, don Afonso ten un xesto á vez prometedor do seu interés por Galicia e... da intención de convertir en realengo terras de señorío tan importantes como a de Santiago. O 15 de febreiro do 1253 dicta o que López Ferreiro chamou, con acerto, “código” porque é un conxunto de setenta e dúas posturas ou ordenanzas, nas que se recollen moi variegados temas da xusticia, a vida comunal, os costumes, o luxo, as mercaderías. O Rei manifesta que tivo á vista as leises dictadas polo seu aboo e o seu pai, e que se consultou con don Afonso de Molina, cos infantes, os bispos e os cabaleiros ricosomes da corte... Contén preceptos que veñen do “Forum Judicum” e adianta normas que pasarían ao “Fuero Real” e ás “Partidas”. Publicouno López Ferreiro e fixo as concordancias legáis Fernández Suárez. É unha peza trascendental pra a comprensión da ordenación xurídica de Galicia, e, xa, un exemplo do desacordo antre a vida, os costumes e as leises.

## O DESVÍO DE DON AFONSO

Proba do desleixamento do Rei Sabio é a rareza de cartas dirixidas a Galicia, sexan privilexios, sexan mensaxes de calquer orde. Perto de mil catrocentos documentos da súa cancelaria foron anotados por Ballesteros; somentes a cifra mínima de trinta e nove teñen motivación galega. Nos trinta e dous anos do reinado hai once en que non dou ningún, e son polo tanto, moitísimas as corporacións i entidades da Terra que nunca recibiron letras súas.

Polo que di aos concellos pediullas subsidios, en carta xeral, no 1255, dirimiu os pleitos de Santiago (1261-1262), Mondoñedo (1271),

Portomarín (1268), confirmou os fueros de Pontevedra (1264), soia pobra con foro, a moi importante de Pontedeume no 1270.

En tanto aos mosteiros galegos, o que predominan son os diplomas de confirmación de privilexios dados polos seus devanceiros e a resolución de algúns pleitos. Nótase certa preferencia por Samos e por Monforte (San Vicente do Pino); teñen interés os documentos endereitados a outros cenobios lucenses: Chantada, Penamaior, Meira. Das terras ourensás: Melón, Oseira, Celanova e Ribas de Sil; das de Pontevedra: Oia. Sobrado fora ouxeto dun privilexio rodado no segundo ano do seu mando. Sorprende a case total ausencia de relacións cas ordes de frades mendicantes eiquí radicadas de tan cedo. De certo non poderían favorecelo con subsidios nin manter litixios. O feito non concorda ca atención que adicou sobre todos aos dominicos de outras terras e ca presencia de franciscáns na corte.

A mingua de documentación en asuntos persoais é ainda meirande e tanto máis sorprendente tanto eran tantos os galegos aca-rroados á corte.

Atizóu, mediou ou resolvéu litis dos concellos cos obispados. Coutou o desenrolo das confrarías gremiáis e favoreceu os movementos dos burgueses, sempre á percura da incorporación dos señoríos e tendo moi en conta as percepcións de impostos que as guerras, as pretensiós ao Imperio e a fachendosa e nutrita corte facían tan necesarias. Dirixiu a Santiago (1253, 1261, 1264, 1267), Mondoñedo (1258, 1261) e Lugo (1270) á que confirmou privilexios. Cando escomenzou a gobernar lembrouse da eirexa de Santiago, que entón rexía un seu amigo don Johan Airas (documentos do 1253 ao 1255), despois...

#### AFONSO X E COMPOSTELA

É revelador que no prólogo versificado das “Cantigas de Santa María” (C.<sup>a</sup> A) o monarca, en lugar de se nomear como nos documentos “Rei de Galicia”, escomence:

*Don Afonso de Castela  
de Toledo, de León,  
Rei e ben des Compostela  
ata o Reyno de Aragón...*

Compostela é dese xeito unha referencia xeográfica, espacial. A frase ten un valor somellante á que toman outros puntos de Galicia, como termo de distancia, en outras cantigas, a 386, cando dí: “Des Tui ata Compostela”, na 273 “daquí ata Ribadulla”. E, ademáis, un

siño, inconsciente, de alleamento, pois, á letra, podería quedar a cidade do Apóstolo tan fora como os dominios de El-Rei de Aragón. Mais a mención o que tamén querería revelar era o degoiro de facer seu de cheo o que estaba coutado pola xurisdiccción do señorío arcebispal de Santiago.

Foi notoria a nemiga do Rei. Sería motivada, según as verbas do seu fillo na restitución de 1282, “por sanna que ovo del Arcipisco don Gonçalo Gomes”. Esta desavenencia foi más ben un de tantos froitos do desvío. Don Afonso tivo, é certo, a cobiza de facer terra realenga a de Santiago; pro habería, ademáis, unha causa que nós temos chamado o seu radical “toledanismo”. Como historiador, révelao na “Crónica General” non soio na omisión da referencia á vinda de Santiago, senón ca aceptación da predicación paulina “...que después de Jhesu Cristo vernie su mandadero a España a pregar a los gentiles... et este fue San Pablo”.

Na lírica narrativa atopamos outra testemuña pintoresca de oposición ao “camiño de Santiago”: das seis “Cantigas de Santa María” que teñen relación con el díusas son temas universais e o apóstolo figura na 26 pro na do “aforgado despendumado” a súa mediación queda fora da refenda. Nas outras catro a romaxe marital a Villa-Sirga preséntase como oposta ao santuario de Santiago. Unha cega francesa retorna sen lograr eiquí a súa curación e acádala alí; cando sigue atopa a un cego e disuádeo de que non siga a Compostela (C. 278). Un mercader tolleito pide aos romeiros que o traian; non sanda, queda cego, abandónano os compañeiros; encoméndase á Virxe de Villa-Sirga que o atende (C. 218). Un tolosán viña en romaxe de penitencia cun bordón de vintecatro libras. En Villa-Sirga, pide perdón á Virxe, québrase o bordón, en sinal de que xa cumpliu, e non ten que seguir (C. 253). Outra eivada francesa que percorre moitos santuarios sen atopar remedio sigue o consello duns romeiros, vai ao santuario palentino e logra a curación (C. 268). Mesmo a ideia da “Orden de Santa María de España” pode, en certo modo, querer sinificar unha frustrada superación da de Santiago.

Polo que di á política compostelana, trameteuse nas loitas entre concello e prelados: sentencia de proposta de xueces (1261), nomeamento de Alcaldes do Rei (1261-1263), petición de homaxe por parte dos Arcebispos e do Cabídoo...

Conxeitos adversos e ineficaces intrigas mantiveron vacante a sede compostelana 7 anos, dende a morte de don Johan Airas (1266), que o servira con tanta lealtade. Propostos Joan Afonso, o famoso Arcediano de Trastamara, tamén afeito a El-Rei, e don Bernardo,

Coengo de Tui, Arcediago de Salnés e Capelán do Papa, gran canonista, Roma non aceptou ningún. Clemente IV nomea no 1267 ao bispo de Coimbra, Egas Fafez, que morre sin tomar posesión. Tam pouco chega a tomala Joan Afonso. Finalmente é nomeado Arcebispo don Gonzalo Gómez, no 1273, xustamente no intre en que Gregorio X influira a favor da elección de Rodolfo de Haubzburg como Emperador e Rei de Romanos, desbotando as pretensíons de don Afonso que se coidaba chamado a ser o “príncipe cristiano” que encarnase un novo Imperio.

Nunha cantiga de escarño (EM. 33) El-Rei queixouse da actitude do Pontífice e atacou rexamente aos cardeáis da curia. Acusao de roubarlle os “panos” (os seus poderes) e de cortarlle logo mal a “capa” (nomearlle arcebispo ao seu xeito), de levar o máis (os “panos”), e lle deixar o menos (os “cabos”):

*Se me graça fezesse este Papa de Roma!  
Pois que ele os panos da mía reposte toma,  
que, en, levass' el os cabos e dess'a min a soma;  
mais, doutra guisa me foi vende-la galdrapa.*

*Quisera en assi ora deste nosso Papa  
que me talhase melhor aquesta capa.*

Os dous fracasos co Papa, sobre todo o do “fecho do Imperio”, alporizaron a don Afonso, que descarregou escontra do Prelado santiagués a rechineira: pediuulle un pleito-homenaxe, sen precedentes; quixo impedirlle que nomease Pertigueiro Maor da Terra de Santiago, púxose, máis ainda, da parte dos burgueses contra el, quixo privalo dos dereitos dos portos e das terras do señorío.

Nicolás III saiu á defensa do Arcebispo o 13 de febreiro do 1278, cunha faterna de termos arrufados, pouco dada na linguaxe diplomática, que revela a qué punto chegara a disconformidade antre El-Rei e o Vaticano.

“Grande ansiedade apoderouse do noso ánimo diante as faladurías espalladas nesta Sede Apostólica e diante as queixas do Arcebispo Compostelán; por elo sabemos que, en lugar de favorecelo a el e á súa eirexa, que por respeto ao reverendo Corpo de Santiago é diña de veneración en tódolos países do mundo, persigueos, provocaos con aldraxes, os premes con noxos, e tratas de arrepañarles as xurisdiccionés e os dereitos e de maltraelo con bélicos arremetementos”... “Que excusa poderías alegar, se o teu rexio ánimo, móvido pola ira se arrisca a feitos taes, como o de mandar ao teu fillo, cun forte exército, contra o dito Arcebispo e a súa Igrexa”.

El-Rei non retrocedéu; fixose ca Pertigueiría da diócesis e nomeóu ademínistrador da Arquidiócesis, en 1281. O Arcebispo don Gonzalo fuxiu de España; Martiño IV negouse a nomear outro.

Felipe III de Francia aproveitou o ensexo pra facer á Igrexa de Compostela os favores que don Afonso non lle daba. Don Sancho na súa revolta contra o pai percuróu atraer aos galegos, logróu que fixesen irmandade carón seu e fixo reconto dos malfeitos que escontra deles se fixeran, sobre todo “por razón del manerino”, “...por estas cosas sobredichas que eran pobres, et que se hermó la terra, et que iban a morar a Portugal et a otros lugares fuera de mí señorío”.

#### TEMAS GALEGOS NA POESÍA DE AFONSO X

A penuria de localizacións galegas nas “Cantigas” é somellante á de documentos da curia rexia endereitados a Galicia. Dos trescentos sesenta temas narrativos somentes sete son declaradamente situados en Galicia: Armenteira (22), Caldas de Reis (104), Lugo (77), O Viso (352), O Monte (317), “en terra de Santiago” (184), Ribeira (304).

Nalgúns relatos de difusión universal que eiquí tamén foron afincados, non se declarara onde teñen lugar os feitos, poñamos por caso nas cantigas 94 e 103. Aparte os “grandes miragres” do camiño da peregrinación (26 e 175) outros dánse, como xa dixemos, en mingua da romaría a Compostela: 218, 253, 268, 278.

Na poesía profana fixo cantigas de burlas nas que xogan personaxes galegos como Pero d’Ambroa, Joan Airas de Santiago, don Mendo de Candarey, Juan Rodríguez, Pero da Ponte, Afonso de Cotón, mestre Joan, un Peza, Pero Sarmento, García Pérez, a soada María Balteira e o enigmático, cicáis colectivo, Pero Galego.

#### GALEGOS E PORTUGUESES NA CORTE AFONSÍ

Fernando III legara ao seu fillo unha corte literaria na que trovadores e xograres galegos foran agarimados, e preferidos aos que chegaban das terras de Occitania. É ben sabido —lémbrese o estudo de Bertoni— que Afonso X non mantivo esta predilección, e que dou meirande valimento aos que chegaban dende a outra banda dos Pirineos. As propias formas tradicionais foron preteridas —don Afonso deixou unha soia “cantiga de amigo”— e os vellos segrelos tiveron que sofrir as alpurnas do monarca que, eso sí, gostaba das cantigas de burlas e respondía con fartura ao “e queremos rir” dos personaxes do andróceo palatino.

Noustante eran moitos e moi soados os galegos que cantaban carón del. Ténhoos enumerados deste xeito: alí estaban Fernán Frojaz; Fernán García Esgaravuña, que lidaba con Martín Gil, tan leal sempre a don Afonso; Fernán Pérez de Seabra, afeito ás formas innovadoras; García Pérez Sarmiento, que foi merino de Galicia, casado cunha irmá de Chariño, e cicáis poidera identificarse co chamado “el de los libros” no séquito de Sancho IV; Joan García de Vilamaior, casado con outra irmá do Almirante, maordomo e privado do Rei Sabio; García Soares, irmán do que foi gabado como o mellor dos trovadores; Gil Pérez Conde, descreído, que se extrañou e que tomóu parte nas campañas de Andalucía; o santiagués Joan Vaasquiz de Calaveira, que tivo amores ca famosísima soldadeira María “Leve” e tensoóu cos outros segrelos; cicáis Nuno Pérez Sandeso; o crego Per Amigo de Sevilla; Pero García, burgalés, de moito talento parodístico; outro Pero García, o “de Ambroa”; Gómez Barroso, cabaleiro principal que fora favorecido no “Repartimiento de Sevilla”; Roi Martínez do Casal, que andivo na guerra de Granada; Vasco Gil, clérigo, como el intervira xa nas campañas de San Fernando e recibira os seus favores no reparto das terras, dialogou con don Afonso; Vasco Pérez Pardal, que se sumaba aos escarños de El-Rei contra don Ansur e axuntouse aos mouros na rebelión do 1262; os irmáns Eans Mariño, cultivados membros da nobreza galega; e tres dos más outos poetas dos Cancioneiros: Pay Gómez Chariño, Johan Airas e Airas Nunes, do que sabemos a presencia no traballo das “Cantigas de Santa María”, pois consta o seu nome na canta-  
ga 223 do códice escurialense I. b. 2 (E).

Segrelos galegos eran Pero da Ponte, que fixera o planto da dona Beatriz e que recibira logo os denostos do fillo; Joan Baveca e o seu contradictor Juiao Bolseiro, que estivo ao servizio de don Rodríguez Tenorio, e Lourenzo, o músico vello.

E ainda se documentan outros cantores de obra descoñecida: Ponz, Pedro Bodiño, Martín, Joan de Cerecinos, Fernán Díaz de Escallo...

Antre os portugueses, sería o más achegado a don Afonso, anque non o más constante, Gonzalo Eans do Vinhal, amigo dende a mocedade, compañoiro de campañas, ferido en Granada, denostador de don Enrique, presente nos escarños cortesáns; Joan Soares Coelho, outra das figuras sobranceiras da escola, residiu na Corte de Castela dende o 1250 ao 1279 e tivo moito papel nas liortas de mal-dizer frente a trovadores e xográres, suscitando o preito das “amas e tecedeiras”; Joan Peres de Avoim, privado e Alférez Maior de Afonso III de Portugal, “partidor” na custión dos lindeiros (1264) e na entrega

dos castelos e que foi testigo na maldición contra o Infante don Sancho; Afonso Meendez de Beusteiro, que acompañou as expediciones, entre o 1260 e o 1268; Airas Peres Vuiturom, que traballaba as formas burlescas; Fernam Velho, morador na corte cando o grande alpurnar da galega María Balteira, soldadeira e diplomática, ramiera e romeira...

O mestre Cotarelo Valledor ten feito notar que tamén era moi sinalada a presencia de señores galegos nas cortes de don Fernando e de don Afonso, e que repartiran ante eles dinidades e beneficios. Ademais dos trovadores xa enumerados, compre citar ao mestre de Santiago Pelay Pérez Correa, Meendo Pérez, sobriño de Lorenzo Suárez Gallinato; Rodrigo Gómez de Traba, Andrés Fernández de Castro, Nuno Fernández, Garcí Pérez de Ambía, Fernán Rodríguez de Castro, Fernán Yáñez, Domingo Roiz, Joan e Gonzalo González, Arias Gonzalo, Martín Pérez, Rodrigo Gómez, Pero Magro, Arias Gago, Pay de Mora, Pero Espiga, Gonzalo Caamaño, Martín Chapa...

#### O USO DO GALEGO POR AFONSO X

El-Rei Afonso escribe nunha corte que é unha babel lingüística. Acouga a meirande parte do tempo en terras de Castela (Burgos, Toledo) ou nas cidades da grande e recente reconquista (Sevilla, Murcia), onde as xentes falan castelán, a lingua que el elixe, levado pola predilección en favor do romance, pra a historia, as leises e a ciencia, e como expresión documental frente ao latín, que siguen cultivando os "clers" letrados. Os homes de saber da curia científica tamén o empregan, salvo os moi escolleitos árabes e xudeos, que tamén as súas falas resoaban de cote carón seu. Provenzais, cataláns, xentes de "langue d'oil", alemáns, moitos deles da familia real, falaban nos propios idiomas e cantaban neles, sobre todo occitanos, que eran famosos troveiros moitos deles.

El-Rei adeprendera o galego no fogar dos seus aios, e cicáis en Galicia, se eiquí foi criado, e seguiría falándoo nos pazos dos seus pais, pois, sen dúbida, neles era "lingua de corte". Os moitísimos galegos e portugueses que atopamos na súa casa manterían o emprego cotián. No seu entorno entendíase e cultivábase, deica o punto de que hastra os troveiros de fora, como Bonifacio Calvo, adoptábanlo pra os seus cantares. Nin as "Cantigas de Santa María" nin as burlas de El-Rei ían dirixidas aos lonxanos "galegos de Galicia" senón a tódolos cortesáns dunha curia rexia que non tivera asento nin presencia na Terra de onde viña o patrimonio espiritual de aquel

idioma. E vemos cómo se comproba unha fonda intercomunicación con eles: rin, gostan, prestan atención, negan... compre atraelos cando alonxan o seu interés, están sempre presentes e mesmo cicáis activos, se, como somella posibel, coreaban os refráns.

O galego impoñíase, fora de fronteiras, como o provenzal e o toscano, en canto era unha “lingua lírica e narrativa”, mais de certo non tiña o feitío dun falar poético arbitrario nin dunha “koiné” de minorías intelectuáis, senón un medio de comunicación, a un tempo culto e popular, con “topoi” e con estereotipos de escola, mais tamén cunha froitosa, riquísima oralidade, familiar e inmediata nos diálogos e nas descripcións, chea de locucións, de modismos e de xiros, esmaltada polas fórmulas afectivas e polos “verbos antigos”, polos apóstrofes e as frases interxeccivas. A cercanía ao latín, a somellanza cas formas mozárabes... engadíanlle o atraemento do arcaico. Xogoral, lene, dúctil pra o canto, tiña unha métrica codificada, con fartura de recursos; compárese a riquísima das “Cantigas” afonsíes ca probe e monótona que ofrecen, en contraste, Berceo ou Gautier de Coincy. E, ao mesmo tempo, abría perspectivas aos más variados xogos rítmicos e melódicos.

Non é mester, pois, vagar en percura de hipótesis xustificativas da elección da lingua galega. Na corte de don Afonso era natural cantar na fala lírica do prego e do amor, dos bailados, das refendas e tamén das rexoubas cortesáns.

A paradoxa está en que El-Rei se dirixira aos galegos en castelán. Xa o fixera o seu pai. Eso tiña un senso moi distinto. A lingua de Castela era, como xa dixemos, a que sustituía ao latín, xa oficialmente, pra a redacción dos documentos e na escola de traductores e de compiladores pra a expresión romance, en “vulgar e plano len-guaje” da erudición, coméndolle o terreo á expresión clásica, deica entón “hierática”.

A de Afonso X é obra cumial no decorrer das letras galegas. Non, certamente, primitiva, nin dun incerto abreante, senón da madurez dunha escola poética. Non é somentes o ben de temas e o contraste de formas o que acuña o seu valor “clásico”, senón tamén axuste da expresión á versión aquecida dos sentimientos, das ideias, do refresco das situacións, dos estados de ánimo, das paixóns, da sensibilidade...

A Real Academia Gallega adícalle a conmemoración anual que é un chamamento ás xentes pra que se acheguen aos escritos sobranceiros de ontes e de hoxe, pro, tamén, pra que traballen, tendo conciencia do que é o legado dos devanceiros e a obriga de man-

telo vivo e de erguer sobor del, como alicerce, os novos moimentos da fala. E de poder gozalo, coñecéndoo de cheo.

Esta escolma de El-Rei Sabio, a primeira que se fai en Galicia, quer comprir, dentro da súa sinxeleza, os fins, no "Día das Letras Galegas" do ano 1980.

## OBSERVACIONES

1. A escolma abrangue un curto feixe de cantigas. No cancionero marial escollimos as sete que teñen localización galega ben manifesta; dúas de tema universal que tamén se contan, ainda hoxe, na nosa literatura oral; dúas dos "grandes miracres" da pelerinaxe a Santiago de Compostela. No "de escarño e maldicer", sete que fan referencia a persoaxes avencellados a Galicia.

2. Damos, con moi lixeiras modificacións, as transcripcións de Mettmann das "Cantigas de Santa María", polo códice E, sen indicacións críticas nin variantes, e as de Rodrigues Lapa pra os cantares de escarño.

3. Respective ás diferencias que se atopan antre a lingua das cantigas profanas e as relixiosas, non pode esquecerse que a compilación marial foi feita no tempo de Afonso X, e con mentes de escribir en galego; en troques a colleita dos cancioneiros profanos é tardía, suscitada en boa parte por un portugués, o Conde de Barcelos, no século XIV, e transcrita, nos apógrafos, na Roma do XVI e por italianos alleos á nosa fala.

4. Na lectura deben pronunciarse como o *xe* da actual ortografía galega as grafías *ge*, *xe*; como *ñ*, a *nn* dobre e tamén *ny*. A *ch* ten o valor actual. Na fala da época diferenciábanse a *ss* de "passarinha" e a *s* de "rosa". Empregamos un acento diacrítico pra diferenciar o *í*, ou mesmo o *ý*, determinativo, do copulativo.

5. Pola índole mesma deste libriño se non requieren nel notas bibliográficas. Os leitores poden atopar amplias referencias no "item" Alfonso X da "Grande Enciclopedia Gallega"; no volume "The poetry of Afonso X" de Joseph Snow, da serie "Research Bibliographies and checklist", Londres-Valencia, 1977, e no tomo de estudos da recente edición monumental do Códice Rico do Escorial, de Edilán, Madrid, 1979.

6. As transcripcións musicáis que incruimons son as feitas polo mestre Higinio Anglés, a quen se debe o mellor estudo das melodías do cancionero marial colleitado por orde do Rei Afonso e ca súa persoal intervención.

## DAS "CANTIGAS DE SANTA MARÍA"

### SETE MIRAGRES DE GALICIA

U misterio que se desvanece e que é sempre o mesmo: o mistério da morte de Jesus, quando se nos mostra que de um lado, Maria, Madalena, de lá, os apóstolos, os discípulos, os amigos, os filhos, os amigos e os amigos de Jesus, todos juntos.

U misterio que se desvanece e que é sempre o mesmo: o mistério da morte de Jesus, quando se nos mostra que de um lado, Maria, Madalena, de lá, os apóstolos, os discípulos, os amigos, os filhos, os amigos e os amigos de Jesus, todos juntos.

A Socieda, com outros, e segun Angel e Félix del reñido illano, de nos padres.

1.000.000 de euros cada año, una cifra en constante aumento. La cifra es difícilmente creíble, ya que el libro "El libro de los récords" de 2000, publicado por la editorial Guadalinfo, no menciona cifras tan elevadas.

Este fenómeno ha sido uno de los principales que han hecho de la literatura en línea una actividad económica muy importante, dentro de las cuales, por tanto, las cifras que habla "el libro" del año 1999.

### OBSERVACIONES

1. A lo largo de este informe se citarán datos de fuentes que tienen una visión más amplia en este tipo de temas. Es necesario precisar que tanto las cifras que aparecen en el libro "El libro de los récords" como las que aparecen en el libro "el libro" son cifras estimadas, que tienen que ver con el "mercado" de la literatura en línea, es decir, con las ventas de libros digitales, y no con las ventas de libros físicos. No se incluyen en las cifras las ventas de libros digitales que se realizan en las librerías.

2. En la parte final de este informe se incluye un cuadro que resume las cifras más relevantes de las ventas de libros digitales en el mundo.

3. Respecto al desarrollo de la literatura en línea, es de destacar la situación prevaleciente entre 1998 y 1999, que establece que Andalucía ocupa el primer puesto tanto en número de lectores como en número de libros en venta, así como el segundo puesto en producción y en número de autores. Una cifra que destaca es la cifra de lectores de Andalucía (1.000.000), cifra que supera la cifra de 800.000 de lectores de Madrid y 700.000 de lectores de Valencia.

4. Los datos de este informe indican también que Andalucía es la segunda comunidad más leída, por detrás de Madrid, con 1.000.000 de lectores, seguida por Valencia, con 700.000, seguida por Andalucía. Los datos de este informe indican que Andalucía es la tercera comunidad más leída en el mundo, tras Estados Unidos y Alemania.

5. Por ordenadas en la lista de las principales ciudades europeas, Andalucía ocupa el puesto 100º en las principales referencias en Internet. Algunas de las "principal encyclopedias digitales", que incluyen "The poetry of William Blake" de Liverpool, "The Poems of William Blake" y "Encyclopaedia Britannica", 1973, tienen hasta el momento de su publicación mencionada en Ciudad Real de Madrid, en Andalucía. Madrid, 1997.

6. Los testimonios que más nos impresionan son las cifras para España. Números altos, y que se deben a la alta demanda de lectores de Andalucía. Mencionando finalmente los datos de "El libro" que no son cifras estimadas:

## O LABREGO DEFENDIDO POLA VIRXE

Nesta cantiga o feito pasa en Armenteira; en troques non leva indicación de lugar a 103, que no mosteiro pontevedrés ten unha das súas moitas localizacións.

Pondérase o sucedido na 22 como "...un miragre... que Ela fez grande" e dáse como coetáneo ca fórmula "nos días meus" que, por outra parte, reafirma a participación de El-Rei no relato.

É unha das vintecatro que levan aparellada unha síntese en castelán, coetánea, a pé de páxina, no "Códice rico" escurialense: "Un caballero, por desamor que havía deste labrador e por le fazer pesar, estando alimpiando un poco de mijo, mandó a sus omes que lo matasen... E quiso Santa María valelle de tal manera que, de muchas lançadas e golpes que el caballero e sus omes le dieron, nol'empeció ninguno".

O relato presenta á Virxe defendendo ao probe labrador Mateus, ferido pola inquina que un cabaleiro e os seus viláns soldados, "coteifes", tiñan contra o dono a quen servía. De feito é unha situación moi dada no medievo galego e ainda en tempos más achegados a nós, de que os aldeáns fosen as vítimas das xenreiras antre os señores. De outra banda, sería lóxico que os frades, tal que sucede en outros mosteiros, anotasen que o ceo protexía ás xentes vítimas dos señoríos laicais, cos que de cote andaban en preitos.

O feito de que o protagonista faga voto de ir ao santuario de Rocamador e que fora "con outros romeus" non quer decir que Armenteira poida ser o Armentières francés. As xentes da nosa terra fagüían más longas pelerinaxes. Na cantiga 267 promete ir aló un cabaleiro de "antre Doir e Minno". Mesmo fora protexido polos reis e acadara moita sona. Os monxes bernardos espallaran eiquí o culto á Nosa Señora venerada na terra francesa que rega o Lot, tanto que en Melide temos unha capela que lle foi dedicada e un lugar que leva o seu nome.

A melodía, casi silábica, é según Anglés "típica del repertorio alfonsino, de aire popular".

Esta é cómo Santa María guardó a un lavrador que non morresse das feridas que lle dava un cavaleiro e seus omees.

5     *Mui gran poder á a Madre [de] Deus  
de defensor e ampara-los seus.*

Gran poder á, ca seu Fillo llo deu,  
en defender quen se chamar por seu;  
e dest' un miragre vos diréi eu  
que ela fez grande nos días meus.

10    *Mui gran poder á a Madre de Deus...*

En Armenteira foi un lavrador,  
que un cavaleiro, por desamor  
mui grande que avi' a seu sennor,  
foi polo matar, per nome Matéus.

15    *Mui gran poder [á] a Madre de Deus...*

E ú víu seu millo debullar  
na eira, mandóulli lançadas dar;  
mas él começou a Madr' a chamar  
do que na cruz mataron os judéus.

20    *Mui gran poder á a Madre de Deus...*

Duas lançadas lle deu un peón,  
mas non ll' entraron; e escantación  
cuidou que era o coteif, entón  
máis bravo foi que Judas Macabéus.

25    *Mui gran poder á a Madre de Deus...*

Entón a ssa azeña lle lançou  
e feriu-o, pero nono chagou;  
ca él a Santa María chamou:  
"Sennor, val-me como vales os teus,

30    *Mui gran poder á a Madre de Deus...*

E non moira, ca non merecí mal." Eles, pois viron o miragr' atal  
que fez a Reynna esperital,  
creveron ben, que ant' eran encréus.

35    *Mui gran poder á a Madre de Deus...*

E filláron-sse log' a repentir  
e ao lavrador perdón pedir,  
e déron-l'l'alg'; e él punnóu de ss' ir  
a Rocamador con outros roméus.

40 *Mui gran poder á a Madre de Deus...*



#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo un cavaleiro quería matar un ome por desamor que avía con seu sennor.  
Cómo o feriron das azcoas e non entraron en él por que chamou Sancta Maria.

Cómo lli lançou a azcôa o cavaleiro e non lle entró por que chamou Sancta

Maria.

Cómo sse repentinron e rogaron o lavrador que os perdóasse.

Cómo lli todos deron de seos díneyros con que foss'a Rocamador.

Cómo entró na eigreja de Rocamador con outros roméus.

$\alpha^{10} \quad \beta^{10} \parallel \beta^{10} : \beta^{10} \mid \beta^{10} \quad \alpha^{10}$

*To, 22, f. 31d-32a*  
*E<sub>2</sub>, 22, f. 34 a-b*  
*E<sub>1</sub>, 22, f. 47d-48a*

*Mui gran po - der      á a Ma - dre de*  
*Deus      de def - sen - der      et am - pa - ral - os*  
*seus.      Granpo - der      á,      ca sseu Pi - llo      ll'o      deu,*  
*en def - fen - der      quen se cha - mar'      por      seu;*  
*et d'est' un mi - ra - gre vos      di - rei      eu,*  
*que e - la fez,      gran - de,      nos di - as      meus.*

*To* *E<sub>2</sub>* *To*

## A TOLLEITA DE LUGO

Nárrase na cantiga 77 cómo sandou unha muller tolleita na eirexa de Lugo, onde se axuntan dous cultos fondamente enraigados na relixiosidade galega: o marial e o eucarístico. Pon bo coidado o redactor en nos decir que foi un milagre certo e que non houbo engano: “e non traxeito”. Se no santuario se levaba un rexisto cas “Legenda”, a noticia podería vir de él, pois nunha doación do 1112 consta a soña dous milagres: “...ad honorem precelse Regine Domine Marie Virginis cuius sacre reliquie et venerandum nomem lusement incolunt urbi ubi a Deo crebra miracula mirabiliter atque innumera assidua fiunt...”.

É un favor da “Virxe dos Ollos Grandes”, advocación que somella aludir a unha frase da “Salve Regina”, tan nosa, invocada en diplomas medievais como o da Raíña dona Urraca do 1107, onde lembra que de neno ofreceulle ao que logo sería Afonso VII o Emperador: “Quem altario iam dicte domina Marie oblatum obtulit”. Vázquez Saco adicóu amprio estudo ao tema.

O refrán da cantiga contería unha alusión moi concreta á belida imaxe trecentista que sigue venerándose na Sede lusement, cando di: “Da que Deus mamou leite do seu peito...”. Non é a única que se refire ao leite da Virxe. Podemos atopar o mesmo motivo en outras (46, 64, 93, 420...). Convén anotar que a iconografía ven da eirexa oriental, que os primeiros exemplos da “Panagia Galaktotrophusa” son dos séculos X e XI, e que logo, rustomente nos tempos de don Afonso e de don Jaume, escomenza a representarse nos miniados e nas tallas. As aparicións e dons da Virxe aos seus santos devotos, como San Bernardo, dan azo a que fosen chamados “colactáneos” de Cristo. Polo que di ás relicas do “santo leite”, teñen a súa orixe ou na greda do chan da cova de Belén ou no óleo destilado volos iconos, como o de Saydnaya, tema recollido en outra cantiga.

A melodia e o ritmo trocaico deste virelai, que somellan galegos, poden querer evocar a radicación do milagre “fremoso”, “grande e piadoso” da muller que se fixo levar no seu leito, “pequeno e estreito”, á eirexa de Lugo.

Esta é cómo Santa María guarecú na ssa eigreja de Lugo  
húa moller que avía encolleitos os pees e as mãos.

*Da que Deus mamóu leite do seu peito,  
non é maravilla de sāar contreito.*

- 5 Desto fez Santa María miragre fremoso  
ena ssa eigreja'n Lugo, grand' e piadoso,  
por húa moller que avía tolleito  
o más de seu corp' e de mal encolleito.  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*
- 10 Que ámba-las suas mãos assí s' encolleran,  
que ben por cabo dos onbros todas se meteran,  
e os calcannares ben en seu dereito  
se meteron todos no corpo maltreito.  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*
- 15 Pois víu que lle non prestaba nulla meeziā,  
tornóu-ss' a Santa María, a nobre Reia,  
rogándo-lle que non catasse despeyto  
se ll' ela fezera, mas a seu proveito  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*
- 20 Parasse mentes en guisa que a guarecesse,  
se non, que fezess' assí per que cedo morresse;  
e logo se fezo levar a un leito  
ant' a ssa ygreja, pequen' e estreito.  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*
- 25 E ela alí jazendo fez mui bōa vida  
trões que ll' ouve mergee a Sennor comprida  
eno mes d' agosto, no dia scolleito,  
na ssa festa grande, como vos retreito  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*
- 30 Será agora per mí. Ca en aquele día  
se fez meter na eigreja de Santa María;  
mais a Santa Virgen non ll'atogó preyto,  
mas tornóu-l' o corpo todo escorreyto.  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*

35 Pero avêo-ll' atal que alí ú sâava,  
cada un nembro per si mui de rig' estalava,  
ben come madeira mui seca de teito,  
quando ss' estendia o nervio odeito  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*

40 O bisp' e toda a gente deante estando,  
veend' aquest' e oynd' e derrijo chorando,  
viron que miragre foi e non trasgeito;  
porende loaron a Virgen a feito.  
*Da que Deus mamóu leite do seu peito...*



#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo Ihesu Christo mamóu leyte de peito de Santa Maria.  
Cómo húa moller era toda tolleyta e dos nervios encolleyta.  
Cómo se fez levar en seu leyto a a eygreja de Santa Maria.  
Cómo a poseron ant'o altar de Sancta María en seu leyto.  
Cómo Sancta María a guarecêu estand'i o bispo e toda a gente.  
Cómo loaron todos muyto a Santa María por end.

## BRUXERÍA E MIRAGRE EN CALDAS DE REIS

Nesta cantiga axúntanse o amor, o sortilegio sacrílego e a testemuña eucarística. É unha das catro que conteñen exemplos da "presencia real", escontra das herexías que a negaran dende Berenguer de Tours aos cátarovs e albixenses. Das outras tres cantigas referentes ao "Corpo de Deus", dúas contan miraclos da Sagra Forma posta nunha abellariza, a outra acolle un miraclo alemán parelló ao noso do Cebreiro. Somentes nos "Diálogos" de Cesáreo de Heisterbach pódense atopar sesenta e sete refendas sobre estes temas. Dos camiños que estes relatos colleron pra chegar deica a corte de El-Rei Sabio ten escrito, con moita sabencia, Ferreiro Alemparte.

Non podemos esquencer que en Galicia inzóu o culto eucarístico cedo e moi fondo, cun foco no Lugo medieval e un apego sinificado mesmo na escolla do Grial pra o escudo.

A redacción destas cantigas andará perto da data en que Urbán IV fai a institución da festa do "Corpus" (1264) que antre nós acadaría tanto fervor popular.

Conta esta cantiga que a barragá dun escudeirón colléu grande pesar ao ver que o seu home casara con outra. Tomou consello cas veciñas e déronlle o xeito pra se facer de novo co amor perdido, por artes de meigaria, traendo na touca a Hostia, collida coma quen vai a comungar. Fíxoo e a Forma escomenzou a sangrar... Arrepentiuse do sacrilegio e meteu-se nun convento.

O tema xurde noutras colleitas de miraclos. Os panos tinxidos co sanguine son venerados en moitos santuarios: Münstair, Daroca, Alcalá, Vallés, Guadalupe, Girona...

Na histórica vila de Caldas de Reis non queda, en troques, ningunha lembranza. A corte de El-Rei Sabio chegaria a noticia contada por algún personaxe galego.

Dentro do seu gregorianismo, a combinación rítmica da melodía do "virelai" lémbranos o canto galego. Como a da cantiga do monxe e a paxariña, que a precede, ofrece unha certa quebra da unidade antre a estrofa, cas súas mudanzas, e o refrán.

Esta é como Santa María fez aa moller que quería fa-  
zer amadoiras a seu amigo con el Corpo de Jhesu-  
Cristo e que o tragía na touca, que lle corresse sangu-  
da cabeza ata que o tiróu ende.

- 5 Nunca ja pod' aa Virgen | o ome tal pesar fazer,  
como quen ao seu Fillo, | Deus, cuida escarnecer.

E o que o fazer cuida, | creed' aquesto por mí,  
que aquel escarno todo | á de tornar sobre ssí.

E daquest' un gran miragre | vos diréi, que eu oy

- 10 que fezo Santa María; | oyde-mío a lezer:  
Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...

Aquesto foi en Galiza, | non á y mui gran sazón,  
que húa ssa barragña | ouve un escudeirón;

- 15 e por quantoss' él casara, | tan gran pesar ouv' entón,  
que con [gran] coita ouvera | o siso end' a perder.  
Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...

E con gran pesar que ouve | foi seu consello buscar  
enas outras sas vezías, | e atall llo foron dar:

- 20 que sol que ela podesse | húa ostia furtar  
das da egreja, que logo | o podería aver,  
Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...

- f. 149v Pois que lle tal ben quería. | E ela toste, sen al,  
foi-sse a húa egreja | da Virgen esperital,  
que nas nossas grandes coitas | nos guarda sempre de mal,  
25 e diss' entón que quería | logo comoyón prender.  
Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...

E o créigo sen arte | de a comungar cuidóu;  
mais la ostia na boca | aquesta moller guardóu,  
que per nehúa maneira | nona trociú nen passóu,

- 30 e punnóu quanto más pode | de sse dalí log' erger.  
Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...

Pois que saýu da egreja, | os dedos entón metéu  
ena boca e tan toste | tiróu-a end' e odéu  
a ostia ena touca; | e nada non atendéu,

- 35 ante sse foi muit' agynna | por provar est' e veer  
Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...

Se lle disseran verdade | ou se lle foran mentir  
aqueelas que lle disseran | que lle farían viir  
log' a ela seu amigo | e ja más nunca partir  
40 dela, se ja poderia, | e de con ela viver.  
*Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...*

E entrant a húa vila | que dizen Caldas de Rey,  
ond' aquesta moller era, | per com' end' eu aprés ey,  
avéo en mui gran cousa | que vos ora contaréy;  
45 ca lle viron pelas toucas | sangue vermello correr.  
*Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...*

E a gent' entón dizía, | quando aquel sangue víu:  
"Di, moller, qué foi aquesto, | ou quén te tan mal feríu?"  
E ela maravillada | foi tanto que est' oýu,  
50 assí que nunca lles soube | nihúa ren responder.  
*Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...*

E pos a mão nas toucas, | e sentíu e víu mui ben  
que era sangue caente, | e disso assí porén:  
"A mí non me feríu autre | senon queno mundo ten  
55 en seu poder, por gran erro | que me ll'eu fui merecer."  
*Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...*

Entón contóu-lles o feito, | tremendo con gran pavor,  
todo como ll'avéera; | e deron porén loor  
todos a Santa María, | Madre de Nostro Sennor,  
60 e a seu Fillo bëeyto, | chorando con gran prazer.  
*Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...*


E a moller se tornóu log | à eigreja outra vez,  
e deitóu-ss' ant' a omagen | e disse: "Sennor de prez,  
non cates a meu pecado | que mi o demo fazer fez."  
65 E log' a un mõesteiro | se tornóu monja meter.  
*Nunca ja pod' aa Virgen | ome tal pesar fazer...*

#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo un escudeiro se casóu e sa barragãa ouve gran pesar por en.  
Cómo demandóu a sas vezías cómo fezéss amadoyras a seu amigo.  
Cómo foi comungar e furtóu e Corpo Christi na boca e atôo no cabo da touca.  
Cómo ela yndo pela rúa vironlli correr sangui vivo pelas toucas.  
Cómo mostróu o Corpo Christi a a gente e Ilis contóu todo o feito.  
Cómo sse repentiu muito è se metéu monja en un mõesteiro.

*A*<sup>11</sup> *A*<sup>11</sup> || *b*<sup>13</sup> | *b*<sup>13</sup> | *b*<sup>11</sup> *a*<sup>11</sup> |  
 α β γ γ α β

E<sub>2</sub>, 77, f. 113 o-d  
 E<sub>1</sub>, 77, f. 94 o-d



*Da que Deus ma-mou* [o] i) *let-te do seu pet-to*



*ta Ma - ri - a mi - ra - gre fre - mo - so en a sa y - grej en Lu - go,*



*llei - to o mais de seu corp' e de mal en - co - llei - to.*

## UNHA CESÁREA ACCIDENTAL

O feito sitúase “en terra de Santiago, en un lugar montannoso”. A referencia pódese interpretar tanto como alusión a Galicia, “terra Beati Jacobi”, como á xurisdicción señoreada polos prelados da vila sagra ou tamén ás súas cercanías. Responde ao topos da fecundidade da muller galega o pormenor de que a protagonista “era prenn ameude”, anque, malpocada, nunca lle vivían os fillos.

O feito narrado é, de certo, extraordinario: unha cesárea de ventura producida pola cuitelada que matara á nai nunha liorta onde feriran ao marido. A criatura vive mercé ao amparo da Virxe a quen a muller a encomendara no anceio de lograla.

*Debe suporxe unha fonte oral pra o relato. Algún dos cortesáns galegos tería contado cómo Santa María “guardó o menúno que ll'encomendou sa madre quando o traxia no ventre e saíu o moço pela ferida” (Cod. T.).*

Anglés fixo notar o carácter excepcional da melodía desta cantiga, que ten unha feitura musical que se non dá en ningunha outra. O insine musicólogo comparouna con algunha canción popular catalana; poderían tamén atoparse paralelos galegos.

Esta é cómo Santa María guardó un menyo quell encomendó sa madre quando o tragía no ventre e mataron a madre e sayu o moço pela ferida.

A Madre de Deus | tant' á en ssi gran vertude,  
5 per que aos seus | acorre e dá saúde.

E de tal razón com'ésta | un miragre mui fremoso  
vos diréi que fez a Virgen, | Madre do Rei poderoso,  
en terra de Santiago, | en un logar montannoso,  
10 húa moller morava | que era prenn' ameúde

*A Madre de Deus...*

De seu marido; mais ela, | polas ssas pecadillas,  
quantos lles nunca nacían, | assí fillos come fillas,  
todos lle morrián logo; | mais das súas maravillas  
15 mostróu ý Santa María, | que sóbrelos seus recude.

*A Madre de Deus...*

Ela con pavor dauesto, | o de que era prennada  
encomendóu aa Virgen, | a Madre de Deus onrrada,  
que ela que a guardasse | que non foss' acojóada,  
20 dizendo: "Dá-me meu fillo, | que ben a viver m'ajude."

*A Madre de Deus...*

Ela a questo fazendo, | o demo chéo d' enveja  
aguisóu que seu marido | ouve con outros peleja,  
e déron-lí húa ferida | pelos peitos tan sobreja  
25 que morréu, ca assí faze | quen non á queno escude.

*A Madre de Deus...*

Ela que víu o marido | a que chagavan de morte,  
fósse-lle deitar de suso; | e déron-lí entón tan forte  
ferida pelo costado | que morréu, tal foi sa sorte.  
30 Mais o fillo pela chaga | sayu, que mester engrude

*A Madre de Deus...*

Avía pera ssa chaga | que na face lle ficara  
que ll' o cuitelo fezera | que a ssa madre matara.  
Mais quiso Santa María, | a que o encomendara  
35 sa madre, que non morresse | nen foss' él en ataúde.

*A Madre de Deus...*

Ante quiso que vivesse | e crecess' e se criasse,  
e sempre reconnocesse | a Virgen e a loasse,  
e o sinal parecesse | da chaga, per que provasse  
40 este feito e que sempre | om' en ssa loor estude.  
*A Madre de Deus...*



#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo húa moller prêne rogava Sancta María que lli dês fillo que lli vivés.  
Cómo seu marido pelejava con outros e ela sayu rascándosse.  
Cómo a bôa mollar se deytó sobre seu marido por que o non matassen.  
Cómo un traedor a firiu d'un cuytelo pelo costado e morréu logo.  
Cómo lli sacaron o fillo pela ferida vivo por prazer de Sancta María.  
Cómo o fillo da bôa moller crecêu e loóu sempre Sancta María e nós a loemos.

A<sup>5</sup> B<sup>7</sup> A<sup>5</sup> B<sup>7</sup> || n<sup>7</sup> c<sup>7</sup> n<sup>7</sup> c<sup>7</sup> | n<sup>7</sup> c<sup>7</sup> n<sup>7</sup> b<sup>7</sup>  
 a β γ δ | ε δ ε δ | ε γ δ |

Eg, 184, f. 242 c      E<sub>1</sub>, 184, f. 172 a-b

*A Ma-dre de Deus tant' á en ssi gran ver -*

tu - de, per que a - os seus a - cor - re et dá sa -  
 u - de. E de tal raz-on com' es - ta un mi -  
 ra-gre mui fre - mo - so vos di - rei, que fez a Vir-gen Ma-dre  
 do Rei po-de - ro - so en ter - ra de San - ti - a-go, en un  
 lo-gar mon-ta - nno - so, hu hū - a mo-ler mo - ra - va que e -  
 raprem' a-me - u - de.      *A Ma-dre de Deus tant' á en si gran*

## NOSA SEÑORA DE RIBELA QUER ACEITE DO BO

A cantiga 304 danos conta dun feito cotián na hermida de Santa María de Ribela. Tense suposto unha localización lucense. Ribelas hainas dabondo en aquelas terras: Pantón, Saviñao, Trabada, Abadín, Cospeito, Foz... Outras atópanse na Coruña: Abegondo, Coristanco, Laracha. En Ourense hai unha, perto de Maceda. Parece mellor percurar un lugar onde houbera un mosteiro e que responda aos pormenores que a mesma cantiga, prolixamente, nos ofrece, que non coinciden cos dos demás lugares, nin tan siquera co que está situado na bisbarra onde se supón estivo El-Rei, sendo neno. Non está moi lonxe dela Santa María do Mosteiro de Ribeira, en Xinzo de Limia, un dos termos doados por Ordoño II ao pai de San Rosendo. Foi, como di a cantiga, mosteiro de monxes bieitos e deixóu de sélo, por un privilexio de Afonso IX, confirmado por San Fernando, no 1232, pasando a depender de Celanova, como priorato. Todo encaixa cos datos do texto.

Somella vir de fonte oral e sorprende a excepcional e rigurosa información histórica sobre a supresión, producida no tempo do abó de don Afonso X e refrendada polo seu pai, e más áinda a anotación de que soio quedaba a eirexa, e que tiña cinco altares. Anque poidera ben refrexar unha lembranza de neno, a noticia que desenvolve a cantiga, dun xeito breve e sinxelo, poidera vir dos seus aios, que tiñan por alá facenda. Mais tamén compre coidar que a trouxese algún outro personaxe da corte literaria. Un importante e desvergoñado segrel galego, Roi Paes de Ribela, deixounos o legado de vinteunha cantigas nos cancioneiros. Puido ser ele o que viñese co conto.

A vertude que se amostraba na eirexa do antigo mosteiro era a de que non podía arder nas lámparas máis que aceite de oliva "mui limp' e mui esmerado"; o de liñaza que ardía noutras partes, alí apagábase deseguida. Tamén nas lampadas da Catedral de Santiago compría queimar aceites aromáticos. O que non sabemos é si se apagaba sempre o ólio barato.

O feito está contado, con metro longo, paroxítono, en cinco estrofas de catro versos, o derradeiro aconsonantado co dístico monorrímo do refrán. A melodía, según Anglés, cicáis sexa nova, anque ten un posible sustrato popular.

Esta é como Santa Maria de Ribela non quer que arça outr'  
oyo ant' o seu altar senon d' olivas que seja ben claro e  
muit' esmerado.

5 Aquela en que Deus carne | prendeu e nos deu por lume,  
das cousas limpias se paga<sup>o</sup> | sempre, tal é seu costume.

E desto mostrou miragre | a Virgen Santa Maria  
grand' en húa ssa eigreja, | e demostra cada dia,  
en un' aldea que nome | á Ribela, ú soya  
aver ben d' antiguedade | un mōesteir' a costume

10 Aquela en que Deus carne | prendeu e nos deu por lume...

D' ordin de San Bēito. | E ora chus da eigreja  
non ficou, que é da Virgen | que sempre bēeita seja,  
en que á ben cinc' altares, | ú gran vertude sobeja  
mostra Deus no que é dela: | Ca non pod' ý arder lume

15 Aquela en que Deus carne | prendeu e nos deu por lume...

D' outr' oyo senon d' olivas | mui linpi' e muit' esmerado;  
ca macar ard' ant' os outros | de linaça, sol pensado  
non é que ant' o da Virgen | arça; e est' é provado  
muitas vezes eno ano, | é áno ja por costume.

20 Aquela en que Deus carne | prendeu e nos deu por lume...

Ca o provan ameude | cavaleiros, lavradores,  
clerigos, monges e frades | descalços, preegadores;  
ca pero ý acenderon | outros oyos ardedores,  
atan toste se matavan, | que sol non deitavan lume.

25 Aquela en que Deus carne | prendeu e nos deu por lume...

E porend' os dessa terra | non ousan seer ousados  
d' outr' oyo ali que[i]maren, | ca saen por denodados  
ende cada que o provan, | e por esto son tornados  
a queimar oyo d' oliva | nas lampadas por costume.

30 Aquela en que Deus carne | prendeu e nos deu por lume...

$N^7$   $A^7$   $N^7$   $A^7$  ||  $n^7$   $b^7$   $n^7$   $b^7$  |  $n^7$   $b^7$   $n^7$   $a^7$  |  
 α β α β' || γ β γ β' | α β α β'

E1, 304, f. 271b-c

A-que - la en que Deus car-ne pren-deu et nos  
 deu por lu - me, das cou-sas lim-pias se pa-ga sem-pre; tal é  
 seu cos-tu - me. E d'es - to mos-trou mi - ra-gre a Vir - gen San-ta  
 Ma - ri - a, grand'en hū-a ssa ei - gre-ja, et de - mostra  
 ca-da di - a, en un' al-de - a que no-me à Ri -  
 be-la, u so - y - a a-ver bea d'an-ti-gue - da-de un mó -  
 es-teir' a cos - tu - me. A-que - la en que Deus car-ne

## DO ESCUDEIRO ARREITADO

Non é doad o asinalar cál será esta Santa María do Monte, antre as da Galicia que teñen este topónimo ou que "en logar alto" están e fan festa a mediados do mes de agosto. Poderíamos escoller, antre as parroquias que o levan adicadas a Nosa Señora, as lucenses de Castroverde, Triacastela e Guntín (Monte da Meda), ou nas moitas hermidiñas ergueitas noutros lugares chamados dese xeito e que non son parroquias i en montes con outro apelativo como o Faro de Chantada onde Xohán de Requeixo puxo as escenas das súas "cantigas de amigo".

Na refenda afonsí atopamos ese contraste de piedade e de festa, de relixiosidade e de erotismo que nos amostra a nosa poesía medieval "de santuarios" e que inda perdura hoxe nas romaríais aldeáns.

No breve ensaio que adiquéi ao tema, lembraba, a par desta cantiga, de ambiente valleinclanesco, unha descripción que se atopa noutra, a 351, que refrexa un parellelo ambiente festeiro, nun santuario galego:

En a ssa festa d' agosto, muy gran gente ven alí,  
por oir todal-as oras et é costum' assí  
que tragen í pan e vió en carretas, et ben í  
o dan, por seu amor d' ela a quen o quer receber.  
Ond' aveo, non ha muito tempo que ss' í ajuntou  
gran gent' e aquela festa e cada uun puñou  
en fazer grand' alegria: quen soube luitar, luitou,  
e quen soube chacotares boos, í os foi dizer,  
outros ar corrián vacas que fazían pois matar  
que cozían en caldeiras grandes e íanás dar  
a probes que as comessen...

A cantiga que traemos a esta escolma non refire unha gracia senón un castigo. O que recibe o escudeiro rixoso que ve unha moza, prénzase dela, quer forzala, persíguela deixa a eirexa e, como a xente lle pechara a entrada, comenzóu a couces e quedóu tolleito e sen siso, a pedir polas portas.

Non somentes as colleitas de "exempla", senón os mariales, recollen narracións de castigos. Nas propias cantigas afonsías atopamos temas desta xenia en trinta miracres; pola meirande parte van seguidas dunha misericordiosa perdoanza.

Respondendo ao ambiente festeiro en que se desenvolven os feitos e ao movemento axitado da acción, a melodía é unha "tonada popular", a métrica zejelesca percura, cun ritmo trocaico combinando co binario, un aire xogoral e levian, alternando versos endecasílabos con pes quebrados, de acento oxítono salvo o segundo do refrán máis acougado.

Como Santa María se vingou do escudeiro que deu couce  
na porta da ssa eigrxa.

*Mal ss' á end' achar  
quen quiser desonrrar Santa María.*

- 5    Como s'achou, non á ý mui gran sazón,  
     en Galiza un escudeiraz peón  
         que quis mui felón  
         brita-la eigrxa con felonía.  
     [Mal ss' á end' achar...]
- 10    Santa María a hermida nom' á  
     do Monte, porque en logar alt' está;  
         e foron alá  
         de gentes entón mui gran romaría  
     [Mal ss' á end' achar...]
- 15    [En húa festa, per com' eu aprendí,  
     de meant' Agosto. E pois chegóu ý  
         gran gent', e des í  
         começaron a tēer sa vigía.  
     Mal ss' á end' achar...]
- 20    O escudeyro que vos dixe chegóu  
     e viu húa moça, de que sse pagóu,  
         que forçar cuidóu;  
     mais ela per ren non llo consentía.  
     Mal ss' á end' achar...]
- 25    E travando dela cuidou-a forçar;  
     mais proug' a Deus [e] nono pod' acabar,  
         ca foi-l' escapar  
         e fogind' à eigrxa sse collýa.  
     Mal ss' á end' achar...]
- 30    Aos braados a gente recodýu,  
     e a minýa mercee lles pedíu  
         que daquel que víu  
         a quisessen guardar de ssa perfia.  
     Mal ss' á end' achar...]

- 35 As gentes, temendo de lles viir mal,  
foron serra-las portas logo sen al,  
e chamando: "Val,  
Madre de Deus, ca mester nos sería."  
*Mal ss' á end' achar...*
- 40 O escudeiro, tanto que víu fugir  
a moça, leixou-sse depos ela ir  
dizendo: "Guarir  
non me podes, rapariga sandía."  
*Mal ss' á end' achar...*
- 45 E quando as portas sarradas achóu,  
per poucas que de sanna sandéu tornóu,  
e logo juróu  
que a couces toda-las britaría.  
*Mal ss' á end' achar...*
- 50 *Como* era atrevudo e sandéu,  
quis acabar aquelo que prometéu,  
e o pe ergéu  
e ena porta gran couce dar ýa.  
*Mal ss' á end' achar...*
- 55 Mais avéo-ll' en como vos eu diréi:  
britou-xe-ll' a perna, segund' apres' ey,  
per prazer do Rey,  
Fillo da Virgen, a que despazýa.  
*Mal ss' á end' achar...*
- 60 E d'al ll'avéo aynda muy peyor:  
esmorecéu con coita e con door,  
e Nostro Sennor  
sen tod' aquest' a fala lle tollýa  
*Mal ss' á end' achar...*
- 65 En tal guisa, que pois nunca disse ren  
ergo "ai, Santa Maria." E des en  
tolleit' e sen sen  
vivéu gran temp' e per portas pidía.  
*Mal ss' á end' achar...*

N<sup>5</sup> A<sup>10</sup> || b<sup>11</sup> : b<sup>11</sup> | b<sup>6</sup> a<sup>10</sup> :  
 α β γ γ α β

To, 84, f. 107 c-d  
 E<sub>1</sub>, 317, f. 283 c-d

Mal ss'á end' a - char quen qui - ser des - on -  
 rrar San-ta Ma-ri - a. Co-mo s'a - chou, non á y mui  
 gran sa-zon, en Ga - li - za un es-cu - del-raz pe - on que quis  
 mui fe - lon bri - tal - a ei - gre - ja con fe - lo-ni - a.  
 [M]al ss'á end' a - char... San-ta Ma - ri - a a her - mi-da nom á,  
 do Mon - te, por que en lo - gar alt' es - ta; et fo - ron a - la  
 de gen - tes en - ton mui gran ro - ma - ri - a. [M]al ss'á

## SANTA MARÍA DO VISO SANDA UN AZOR

Dende Valmar a Mettmann identifícase esta Santa María do Viso ca parroquia galega, "que jaz en húa altura", na Peneda, en terras de Pontevedra, perto da foz do río Verdugo, antre o solar dos Soutomaior e o "Ulló", señoreado no medio polo castelo de Luto.

Cabería, nembargantes, coidar en Viso do Alcor ou nos Visos de Toledo, de Córdoba. "O cabaleiro dono da ave curada pola Virxen servía ao Rei, exercendo no seu nome a xusticia, o azor dérallo outro señor 'natural' d'Estremadura". Viamoxo do Viso a Touro (Toro). A visita ao santuario fixoa "no tempo quand'as viñas vendimian".

A carón das moitas cantigas que narran curacións e rexurdimentos de homes, mulleres e nenos, ésta cóntanos a curación dun azor. Como a "donxeña" da cantiga 354 ou a "muleta" da 178, eiquí é un animaliño de Deus o que recibe a benfeitoría da Nosa Señora: un azor que valía un tesouro: "Pillaba garças, e áades e betouros..." e amostrara as súas habelencias diante do propio Rei. Enfermóu a ave cazadora, levouna o dono ao Viso; seguía doente, non quería comer, inchaba, andaba co pescozo torto, como se fose morrer axiña. Entón o cabaleiro fixo facer un azor de cera, un destes ex-votos que con tantas figuras siguen ofrecéndose nos nosos santuarios, repetindo formas xa usadas hai douce mil anos.

A Virxe, entón, atendeuno. O azor recobróu a saúde. As penas mudadas eran "atan ben cooradas que por ren non poderían taes pintar de pintura".

Éste foi o "mui freoso" miragre da Virxe do Viso.

Metro usual, de refenda, rimando o coarto verso da estrofa co refrán.  
Tonada moi belida, en ritmo binario.

Esta é como Santa María del Viso guaríu  
ũu açor dun cavaleiro.

*Fremosos miragres mostra | a Madre da fremosura  
e grandes, ca á vertude | do mui gran Deus sen mesura.*

- 5 *Dest' un fremoso miragre | vos direi, se m'ascuitardes,  
que fezo Santa María; | e se ý men\*tes parardes,  
por mui grande o teredes | quant' en ele mais cuidardes,  
e veredes com' a Virgen | á poder sobre natura.  
Fremosos miragres mostra | a Madre da fremosura...*
- 10 Aquest' a un cavaleiro | conteceu que vassal' era  
dun fi de rey, e por ele | fazia justiça fera,  
e que ũu açor mui bõo húa vegada lle dera  
que fora dun cavaleiro natural d'Estremadura.  
*Fremosos miragres mostra | a Madre da fremosura...*
- 15 Est' açor fillaxa garças | e ãades e betouros  
e outras prijões muitas; | e nen crischãos nen mouros  
atal açor non avían, | e davan de seus tesouros  
muito por el que llo désse. | Mas non avia en cura  
*Fremosos miragres mostra | a Madre da fremosura...*
- 20 O cavaleiro de dar-llo | nen sol por aver vende-lo;  
mais avia voontade | d'ante seu sennor trage-lo,  
porque mui mais d'outra cousa \* | lle prazeria d'ave-lo  
ante que o aver outre | ou perde-lo per ventura.  
*Fremosos miragres mostra | a Madre da fremosura...*
- 25 E el con el cada dia | muit' a ssa caça andava  
e quantas aves podia | fillar, con ele fillava;  
pero foron ben dous anos | que o açor non mudava,  
e o cavaleiro avia | desto pesar e tristura.  
*Fremosos miragres mostra | a Madre da fremosura...*
- 30 E meteu muitos dieiros | en lle fazer meezyás,  
que nulla ren non valveron; | pois no tempo quand' as vias  
vendimian, foi-sse con ele | aa Sennor das Reynnas  
a ssa egreja do Viso, | que jaz en húa altura.  
*Fremosos miragres mostra | a Madre da fremosura...*

- 35 E quando chegou a Touro | ouv' outro gran *desconorto*  
do açor, que non queria | comer e tal come morto  
era, e o bic' ynchado | muito e o colo torto,  
dizendo todos: "Mort' éste | se lle dous dias atura."  
*Fremosos mirages mostra | a Madre da fremosura...*
- 40 O cavaleiro de çera | fez log' húa semellança  
do açor e foi con ela, | avendo grand' esperança  
ena Virgen groriosa | e creendo sen dultança  
que seu açor lle daria | viv' e são sen laidura.  
*Fremosos mirages mostra | a Madre da fremosura...*
- 45 E foi-sse logo con ela | quanto pod' aa eigreja  
da Virgen Santa Maria | que é bêeita e seja,  
que ll'amostrou essa noite | mui gran mercee sobeja,  
ca tornou o açor são | e a el tolleu loucura.  
*Fremosos mirages mostra | a Madre da fremosura...*
- 50 E demais fez-ll' outra cousa, | que as penas que mudadas  
ante aver non podera, | ouve-as logo deitadas  
e meteu outras tan bôas | e atan ben cooradas,  
que per ren non poderian | taes pintar de pintura.  
*Fremosos mirages mostra | a Madre da fremosura...*
- 55 Esto fez Santa Maria, | Madre do que formou suso  
os ceos maravillosos | e ar pos a terra juso,  
que miragres mui fremosos | fez senpr', e á-o por uso,  
por nos fazer ben c[re]entes | e guardar-nos de loucura.  
*Fremosos mirages mostra | a Madre da fremosura...*

N<sup>7</sup> A<sup>7</sup> N<sup>7</sup> A<sup>7</sup> || n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> | n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> n<sup>7</sup> a<sup>7</sup> |  
 α β α γ δ t δ t' α β α γ

E<sub>1</sub>, 352, f. 315 b-c

Fre-mo - sos mi - ra-gres mas-tra a Ma-dre da  
 ste mo - su - ra, et gran - des; ca á ver - tu - de do mut  
 gran Deus sen me - su - ra. D'est'un fre-mo - so mi - ra-gr<sup>o</sup>  
 vos di - rei, se m'as cui-tar - des, que fe - zo San - ta Ma -  
 ri-a; et se y men - tes pa - rar - des, por mul grande  
 o ter-re - des quant'en e - le mais cui - dar - des, et vo -  
 re-des com'a Vir-gen á po - der so - bre na - tu - ra.

DOUS MIRAGRES UNIVERSAIS  
QUE TAMEN TEÑEN LOCALIZACIÓN  
GALEGA

LA DOUBLE MIRACLES UNIVERSAIS  
GÉRARDIANE THÉMIS POCHEINAGION

CAPTE



## A MONXA REFUGÁ SUPRIDA PELA VIRXE

Esta leenda, de longo espallamento, está, tamén, afincada na nosa Terra, en Compostela, no Convento de Santa Clara. A localización en Ciudad Real dun manuscrito de Lope foi tachada na impresión da obra. O tema da monxa fuxitiva do convento a quen a Nosa Señora salva da deshonra era grato a El-Rei pois nas Cantigas recolléu catro feitos somellantes: néssta e nas 55, 94 e 285. Eiquí a Virxe toma a figura da tesoureira que fuxe co seu amante; cando retorna sabe, abraiada, que ninguén a botou en falla.

O miragre figura contado, por primeira vez, antre os que recolléu no "Dialogus miraculorum" Cesáreo de Heisterbach, que o conta como acaecido facía poucos anos e dá xa o nome da monxa, Sor Beatriz. As vías do coñecimento das obras de Cesáreo por Afonso X foron asinaladas nos traballos de Ferreiro Alemparte. A leenda inzóu axiña, entróu nos tres grandes mariales romances versificados: as "Cantigas", os "Miraglos" de Berceo e "Les Miracles de la Sainte Vierge" de Gautier de Coincy. Recolléronna Etienne de Besançon, as "Vies des Pères", Harold, J. Maior, Wright, Mielot, Isnard, Robert. A Beatriis e Gysbrecht é obra sobranceira na poesía flamenca do XV. En Polonia acolleuna como histórica Bzowio. Ven na colleita Adgar, nos "Miracoli della Madonna", e nos "Eximplis" cataláns.

Son moitas, importantes, as derivacións serodias, dende os séculos de ouro das letras casteláns. Refirennha Bernabé de Montalvo e Juan de Castajena. Na novela aparez en "Los Infelices Amantes" do "Quijote" de Avellaneda. Entra no teatro con "La buena guarda o la encomienda bien guardada" de Lope; o auto sacramental "La Abadesa del Cielo" de Vélez de Guevara, e "Sólo en Dios la confianza" de Rosete Niño.

O tema ten unha reviviscencia xeral dende o romantismo: "La Légende de soeur Béatrix" de Ch. Nodier (1837) traducida ao castelán no 1854; "Margarita la Tornera" de Zorrilla (1840); "Beatriz la portera" de Arolas; o drama de Fernández Shaw, con música de R. Chapí, do mesmo tiduo que a obra de Zorrilla... Corresponden á corrente simbolista: "Soeur Beatrice" de M. Maeterlinck (1900); "De Sproki van Beatrriis" do holandés P. C. Boutens, e a versión dos irmáns Tharaud nos "Contes de la Vierge".

Antre os traballos sobre as orixens e o espallamento da leenda de Sor Beatriz destacañ os de Gröber, Mussaffia, Cotarelo Valledor e Guiette.

A melodia desta cantiga tense gabado como tópica e pouco común. Pode vir do acervo popular.

[E, 94; To, 31]

Esta é cómo Santa María serviu en logar da monja que  
sse foi do mōesteiro.

*De vergonna nos guardar  
punna todavía  
e de falir e d' errar  
a Virgen María.*

E guárda-nos de falir  
e ar quer-nos encobrir  
quando en erro caemos;  
10 des í faz-nos repentir  
e a emenda viir  
dos pecados que fazemos.  
Dest' un miragre mostrar  
en hū' abadía  
15 quis a Reynna sen par,  
santa, que nos guía.  
*De vergonna nos guardar...*

Hūa dona ouv' alí  
que, per quant' eu aprendí,  
20 era meninna fremosa;  
demáis sabía assí  
tēer ssa orden, que ni-  
hūa atán aguçosa  
era d' í aproveytar  
25 quanto más podía;  
e porén lle foran dar  
a tesourería.  
*De vergonna nos guardar...*

Mai-lo demo, que prazer  
30 non ouv' en, fez-lle querer  
tal ben a un cavaleiro,  
que lle non dava lezer,  
tro en que lli fazer  
que sayú do mōesteiro;  
35 mas ant' ela foi leixar  
chaves, que tragía  
na cinta, ant' o altar  
da en que criýa.  
*De vergonna nos guardar...*

- 40 "Ay, Madre de Deus", entón  
diss' ela en ssa razón,  
"léixo-vos est' encomenda,  
e a vós de coraçón  
m' acomend'." E foi-ss', e non  
45 por ben fazer ssa fazenda,  
con aquel que muit' amar  
máis ca ssí sabía,  
f. 136r e foi gran tempo durar  
con él en folía.  
50 *De verg[o]nna nos guardar...*

E o cavaleyro fez,  
poi-la levóu dessa vez,  
en ela fillos e fillas;  
mais la Virgen de bon prez,  
55 que nunca amóu sandez,  
emostróu ý maravillas,  
que a vida estrayar  
lle fez que fazía,  
por en sa claustra tornar,  
60 ú ante vivía,  
*De vergonna nos guardar...*

Mais enquant' ela andóu  
con mal sen, quanto leixóu  
aa Virgen comendado  
65 ela mui ben o guardóu,  
ca en seu logar entróu  
e deu a todo recado  
de quant' ouv' a recadar,  
que ren non falía,  
70 segundo no semellar  
de quena viía.  
*De vergonna nos guardar...*

Mas pois que ss' arrepentiu  
a monja e sse partiu  
75 do cavaleiro mui cedo,  
nunca coméu nen dormýu,  
tro o mōesteyro víu.  
E entróu en él a medo  
e fillóu-ss' a preguntar  
80 os que conñocía  
do estado do logar,  
que saber quería.  
*De vergonna nos guardar...*

Disséron-lí entón sen al:  
85 "Abadess' avemos tal  
e priol' e tesoureira,  
cada húa delas val  
muito, e de ben, sen mal,  
nos fazen de gran maneira."  
90 Quand' est' oýu, a sinar  
logo sse prendía,  
porque ss' assí nomear  
con elas oýa.  
*De vergonna nos guardar...*

95 E ela, con gran pavor  
tremendo e sen coor,  
foisso pera a eigreja;  
mais la Madre do Sennor  
lle mostróu tan grand' amor,  
100 —e porén béeita seja—  
que as chaves foi achar  
ú postas avía,  
e seus panos foi fillar  
que ante vestía.  
105 *De vergonna nos guardar...*

E tan toste, sen desdén  
e sen vergonna de ren  
aver, juntóu o convento  
e contóu-lles o gran ben  
110 que lle fezo a que ten  
o mund' en seu mandamento;  
e por lles todo provar  
quanto lles dizía,  
fez seu amigo chamar,  
115 que llo contaría.  
*De vergonna nos guardar...*

O convento por mui gran  
maravilla tev', a pran,  
pois que a cousa provada  
120 viron, dizendo que tan  
fremosa, par San Johán,  
nunca lles fora contada;  
e filláron-ss' a cantar  
con grand' alegria:  
125 "Sálve-te, Strela do Mar,  
Deus, lume do día."  
*De vergonna nos guardar...*

$A^7 \quad B^5 \quad A^7 \quad B^5$  ||  $c^7 \quad c^7 \quad d^7$  |  $c^7 \quad c^7 \quad d^7$  |  $a^7 \quad b^5 \quad a^7 \quad b^5$   
 a β a β' | γ δ ε | γ δ ε | α β α β'

To ♫ — — — ♪ ♪ ♪  
 To, 31, f. 40 c-d-41a  
 E<sub>2</sub>, 94, f. 135 c-d  
 E<sub>1</sub>, 94, f. 105 d-106a-b

*De ver - go-nna nos guar - dar pu - nna to - da*  
 ri - a, et de fa - lir et d'er - rar, a Vir-gen Ma.  
 To ♫ — — — ♪ ♪ ♪  
 To ♫ — — — ♪ ♪ ♪  
 To ♫ — — — ♪ ♪ ♪

*E guar - da - nos de fa - lir et ar*  
 quer-nos en - co - brir quan-do en er - ro ca - e - mos;  
 To ♫ — — — ♪ ♪ ♪  
 To ♫ — — — ♪ ♪ ♪

des i faz - nos re - pen - tir et a e-men - da VI.  
 ir dos pe - ca - dos que fa - ze - mos. D'est' un

1) E<sub>1</sub> monasterio. 2) To ♫ por ♪ según vemos en la repetición. 3) E<sub>1</sub> ♪ en la repetición.



#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo húa monja comedóu as chaves e o ábito a Santa María.  
 Cómo a monja sse sayu do mōesteiro con un cavaleiro.  
 Cómo Santa María servía no mōesteiro en logar da monja que sse fora.  
 Cómo a monja tornóu a o mōesteiro e fillóu a preguntar do estado do logar.  
 Cómo Santa María gardóu a a monja as chaves e o ábito e llo deu quando vēo.  
 Cómo a monja fez výr ant'o convento seos fillos e seu amigo que contass'o feyto.

## O MONXE E A PAXARIÑA CELESTIAL

Nesta “cantiga” acóllese unha narración que fai parte do acervo universal dos relatos exemplares. Mostra o contraste antre o tempo e a eternidade, perante unha analogía musical; os séculos fuxen como un instante: un monxe pasa trescentos anos escouitando o cantar dunha paxariña do ceo.

En Galicia localízase no mosteiro pontevedrés de Armenteira; o protagonista é o Abade Ero; no mesmo lugar sitúase a cantiga 22. Cántase tamén de Leyre e Vilar de Frades. Unha das más antergas fixacións é a de Affligen, no Brabante.

O relato afírese ao vizoso conxunto escatolóxico das visións, imaxes, probas, testemuñas de viaxes ao Paraíso e das leendas de sobrevivencia, e de retorno dos durmientes.

A redacción máis vella é a de Maurice de Sully (morto no 1195). Outras débense a Jacques de Vitry, Odo de Cheriton e anónimos do XIII. Despois de Afonso X, recolléronno: Bozón, Sánchez de Vercial, “Speculum Exemplorum”, Bromiardus... Ten moitas e moi xurdias derivacións literarias, mesmo como conto profano. Erasmo adicoulle un “Diálogo”; Bernardes empregouno, como tantos outros preegadores, nun dos seus sermóns. Inspirou poemas de Uhlan, Schäfer, Longfellow, Washington Irving, Pecontal, Lopes Vieira, D'Ors... Antre os poetas galegos que o glosaron ten un posto cimeiro Valle-Inclán co fermoso libro “Aromas de Leyenda”. Tamén inspirou versos de Cabanillas e un comentario de Castelao.

Adicáronlle monografías ás orixes e difusión do tema, Nunes, F. Müller e o autor desta escolma.

Pra contar o milagre, escolleuse na cantiga 103 unha métrica máis corrente, ca particularidade de que estrofa e refrán ofrecen ritmo distinto e melodia variada.

[E, 103; To, 93]  
Fol. 147v

Esta é cómo Santa María fez estar ao monge trezentos  
anos ao canto da passarña, porque Ili pedía que Ili  
mostrasse quál era o ben que avían os que eran en  
Paraíso.

5        *Quena Virgen ben servirá | a Paraíso irá.*

E daquest' un gran miragre | vos quer' eu ora contar,  
que fezo Santa María | por un monge, que rogar-  
ll'ía sempre que lle mostrasse | quál ben en Paraíso á,  
*Quena Virgen ben servirá...*

- 10      E que o viss' en ssa vida | ante que fosse morrer.  
E porend' a Groriosa | vedes qué lle foi fazer:  
fez-lo entrar en húa orta | en que muitas vezes ja  
*Quena Virgen ben servirá...*

- 15      Entrara; mais aquel día | fez que húa font' achóu  
mui crara e mui fremosa, | e cab' ela s'assentóu.

E pois lavóu mui ben sas mãos, | diss': "Ai, Virgen, qué será  
*Quena Virgen ben servirá...*

- 20      Se veréi do Paraíso, | o que ch' eu muito pedí,  
algún pouco de seu viço | ante que saya daquí,  
e que sabia do que ben obra | qué galardón averá?"  
*Quena Virgen ben servirá...*

- 25      Tan toste que acabada | ouv' o mong' a oraçón,  
oýu húa passarinna | cantar log' en tan bon son,  
que sse escaecéu seendo | e catando sempr' alá.  
*Quena Virgen ben servirá...*

Atán gran sabor avía | daquel cant' e daquel lais,  
que grandes trezentos anos | estevo assí, ou máys,  
cuidando que non estevera | senon pouco, com' está  
*Quena Virgen ben servirá...*

- 30      Mong' algúna vez no ano, | quando sal ao vergéu.  
Des í foi-ss' a passarinna, | que foi a él mui greu,  
e diz: "Eu daquí ir-me quero, | ca oy más comer querrá  
*Quena Virgen ben servirá...*

O convent'." E foi-sse logo | e achóu un gran portal  
35 que nunca vira, e disse: | "Ai, Santa María, vall!  
Non é est' o meu mōesteiro, | pois de mí qué sse fará?"  
*Quena Virgen ben servirá...*

Des í entróu na eīgreja, | e ouveron gran pavor  
os monges quando o viron, | e demandóu-l'l' o prior,  
40 dizend': "Amigo, vós quén sodes | ou qué buscades acá?"  
*Quena Virgen ben servirá...*

Diss' él: "Busco meu abade, | que agor' aquí leixéy,  
e o prior e os frades, | de que mi agora quitéy  
quando fui a aquela orta; | ú seen quén mio dirá?"  
45 *Quena Virgen ben servirá...*

Quand' est' oýu o abade, | téve-o por de mal sen,  
e outrossí o convento; | mais des que souberon ben  
de cómo fora este feyto, | disseron: "Quén oyrá  
*Quena Virgen ben servirá...*

50 Nunca tan gran maravilla | como Deus por este fez  
polo rogo de ssa Madre, | Virgen Santa de gran prez!  
E por aquesto a loemos; | mais quéna non loará  
*Quena Virgen ben servirá...*

Máis d'outra cousa que seja? | Ca, par Deus, gran dereit' é,  
55 pois quanto nós lle pedimos | nos dá seu Fill', a la ffe,  
por ela, e aquí nos mostra | o que nos depóis dará".  
*Quena Virgen ben servirá...*

#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo un monge rogava sempre Santa María que lli mostrass'o ben do paraíso.  
Cómo o monge entróu na orta e achóu húa mui fremosa fonte.  
Cómo o monge oyu cantar húa passarŷa e esteve CCC anos al son dela.  
Cómo o monge se maravillóu do portal que él non leixara feyto.  
Cómo os monges non o conocían e él contóullis tod'o feito como ll'avéera.  
Cómo él e todo los outros monges loaron muito Santa María.

A<sup>8</sup> A<sup>7</sup> || n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> ; n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> | n<sup>8</sup> a<sup>7</sup> ;

α β γ γ' γ' γ' α β

To, 93, f. 120 a-b  
 E<sub>1</sub>, 103, f. 147v  
 E<sub>1</sub>, 103, f. 112 b-c

To

Quen a Vir - gen ben ser - vi - ra,  
 a pa - ra - y - so i - ra. E d'a - quest'un gran mi -  
 ra - gre vos quer eu o - ra con - tar, que fe - zo San -

ta Ma - ri - a por un monge, que ro - gar ll'i - a  
 sem - pre que lle mos - tra - se qualben en pa - ra-is' á.

## **DOUS MIRAGRES DA PELERINAXE A COMPOSTELA**

*Douglas MARGARET DE MURKINAKA  
Y GOMOTSELY*

## O ROMEIRO DE SANTIAGO QUE SE FANÓU A NATURA

Na cantiga 26 preséntase en estrofas e melodía cheas de sabencia lírica un “gran miragre” do Camiño de Santiago, que axunta os grandes temas da fidelidade á vida casta no camiño, da automutilación como pecado, de Santiago como abogado defensor no tribunal da alén-vida e da Virxen como árbitro, frente ás estrucias do demo, que tentara ao roméu presentándose na figura do Apóstolo.

A refenda ten orixe cluniacense. Unha das primeiras versións apela á testemuña de San Hugo. Gualterius de Benevento adicoulle ao miragre un poema no século XI. Guibert de Nogent dáa como escoitada a un monxe chamado Joffredus. O “Liber Beati Jacobi” apón a versión que recolle a San Anselmo de Cantorbery. En Berceo atopa un redactor diserto, pagado dos pormenores, que non furtá a nota picante nin os valores dialécticos.

O fallo arbitral da “Virxen-xuez” resolve, ca volta á vida, o problema de arrincarlle ao demo unha alma que xa estaba en poder seu.

A redacción do Calixtino ofrecece, antre os seus valores poéticos, as descripcións de Santiago e da Virxe tal como se presentaran ao peregrino na visión do xuicio, que se celebra nun prado de Roma, perto da eirexa de San Pedro. No códice do XIV dos “Miragres do Santiago” está vertida ao galego, anque faltosa dun anaco esencial.

Na súa sobriedade, a cantiga afonsí dános unha das más belidas versións.

Da importancia que se apuxo en Compostela aos doux “grandes miracres” dá ideia o feito de que se establecera no século XII unha festa para conmemorálos.

Supónse que a tonada do que chamou Spanke “erweiterte virelai” (“ensanchado”), en ritmo ternario, é unha das compostas, non das recollidas do acervo preexistente. Nova, airosa, marcial, ten somellanza cos cantos de camiño. “Esta melodía —di Anglés— es otra demostración de la gran variedad rítmica que figura en el repertorio de las cantigas, variedad que sería difícil... hallar en los repertorios europeos”.

[E, 26; To, 24]  
Fols. 39v y 40 r

Esta é cómo Santa María juigó a alma do roméu que  
ya a Santiago, que sse matóu na carreira por engano  
do diabo, que tornass' ao corpo e fezesse pêedença.

*Non é gran cousa se sabe  
bon joýzo dar  
a Madre do que o mundo  
tod' á de joigar.*

Mui gran razón é que sabia derecho  
quen Deus troux' en seu corp' e de seu peito  
mamentou, e dél despeito

*10      nunca foi fillar;  
          porén de sen me sospeito  
          que a quis avondar.*

*Non é gran cousa se sabe  
15      bon joýzo dar...*

Sobr' esto, se m'oíssedes, diría  
dun joýzo que deu Santa María  
por un que cad' ano ýa,  
com' oý contar,

*20      a San Jam' en romaría,  
          porque se foi matar.*

*Non é gran cousa se sabe  
bon joýzo dar...*

Este roméu con bôa voontade  
*25      ýa a Santiago de verdade;*  
pero desto fez maldade  
que ant' albergar  
foi con moller sen bondade,  
sen con ela casar.

*30      Non é gran cousa se sabe  
          bon joýzo dar...*

f. 40r Pois esto ifez, metéuse ao caminno  
e non sse mäefestóu o mesquinno  
e o demo mui festinno  
*35      se le foi mostrar  
          máis branco que un arminno*

polo tost' enganar.  
*Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

- 40 Semellanza fillou de Santiago  
e disse: "Macar m' eu de ti despago,  
a salvaçon eu cha trago  
do que fust' errar,  
por que non caias no lago  
d' inferno, sen dultar.  
45 *Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

Mas ante farás esto que te digo,  
se sabor ás de seer meu amigo:  
50 talla o que trages tigo  
que te foi deytar  
en poder de ēemigo,  
e vait-te degolar."  
*Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

O roméu, que sen dóvida cuidava  
que Santiac' aquelo lle mandava,  
quanto lle mandou tallava;  
poi-lo foi tallar,  
60 log' entón se degolava,  
cuidando ben obrar.  
*Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

Seus companneiros, poi-lo mort' acharon,  
65 por non lles apōer que o mataron,  
fóron-s'; e logo chegaron  
a alma tomar  
demões, que a levaron  
mui toste sen tardar.  
70 *Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

E ú passavan ant' húa capela  
de San Pedro, mui' apostá e bela,  
75 San Jaimes de Compostela  
dela foi travar,  
dizend': "Ai, falss' alcavela,  
non podedes levar  
*Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

80 A alma do meu roméu que fillastes,  
ca por razón de mí o enganastes;  
gran traicón ý pensastes,

e, se Deus m'anpar,  
pois falssament' a gãastes,

85 non vos pode durar."

*Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

Responderon os demões louçaos:

"Cuja est' alma foi dez feitos vãos,

90 por que somos ben certãos

que non dev' entrar  
ante Deus, pois con sas mãos

se foi desperentiar."

*Non é gran cousa se sabe*

95 *bon joízo dar...*

Santiago diss': "Atanto façamos:

pois nós e vós est' assí rezōamos,

ao joýzo vamos

da que non á par,

100 e o que julgar façamos  
logo sen alongar."

*Non é gran cousa se sabe*

bon joízo dar...

Log' ante Santa María vêeron

105 e rezōaron quanto más poderon.

Dela tal joíz' ouveron:

que fosse tornar

a alma onde a trouxeron,

por se depóis salvar.

110 *Non é gran cousa se sabe  
bon joízo dar...*

Este joýzo logo foi comprido,  
e o roméu morto foi resorgido,  
de que foi pois Deus servido;

115 mas nunca cobrar

pod' o de que foi falido,

con que fora peccar.

*Non é gran cousa se sabe*

bon joízo dar...

#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo Santa María mamentou Ihesu Christo seu fillo do seu peito.

Cómo o demo parecéu a o roméu en forma de Sanctiago no camýno.

Cómo o roméu cortoussa natura e se degolou per consello do demo.

Cómo Sanctiago quis fillar a o demo a alma do seu roméu.

Cómo Sanctiago e o demo veneron a joízo ante Sancta María pola alma do roméu.

Cómo o roméu resurgiu per mandato de Santa María.

$\text{N}^7 \text{ A}^5$   $\text{N}^7 \text{ A}^5$  ||  $\delta^{10}$   $\delta^{40}$   $\text{b}^7$   $a^5$   $\text{b}^7$   $a^6$  |

$\alpha$   $\beta$   $\gamma$   $\alpha'$   $\beta$

To + + i) n + al  
 E<sub>2</sub> ♩ ♩ ♩ ♩ ♩ ♩ ♩ ♩ ♩

T<sub>0</sub>,24,f.33c-d  
 E<sub>2</sub>,26f.39c-d-40a  
 E<sub>1</sub>,26,f.50d-51a-b

The musical score consists of five staves of music. The first staff uses a treble clef and a 2/4 time signature. It features various rhythmic patterns including eighth and sixteenth notes, and rests. The lyrics are written below the notes. The second staff continues the melody with a similar treble clef and 2/4 time. The third staff begins with a bass clef and a 3/4 time signature. The fourth staff returns to a treble clef and 2/4 time. The fifth staff concludes the section with a treble clef and 2/4 time.

*Non é gran cou-sa se sa-be bon jo-y-zo*  
*dar a Ma-dre do que o mun-do tod' á de jo-i-gar. Mui*  
*gran ra-zon é que sa-bla de-rei - to quen Deustroux'en seu*  
*corp'e de seu pei-to ma-men-tou, et d'el des-pei-to*  
*nun-ca foi fi-llar; por-en de sen me sos-pei-to, que a quis*  
*a-von-dar. Non é gran cou-sa se sa-be bon jo-y-zo*  
*dar a Ma-dre do que o mun-do tod' á de jo-y-gar.*

## O AFORCADO DESCOLGADO

Éste é o outro dos dous “grandes milagres” do camiño de Santiago, o do aforcado que se mantivo vivo.

No “Liber Beati Jacobi” recóllese como escrito polo propio Papa Calixto, e aparez resumido na “prosa” final rubrado por Aymerico Picaud. Dáse por acaecido en Toulouse, no ano 1090.

É unha refenda comentada por moitos eruditos. Xúntanse nela tres liñas narrativas: a do home honrado acusado de furto por venganza ou do mozo casto que refuga as tentacións da muller casada, tema que entronca na historia bíblica de José. A segunda é a da inocencia defendida: un erro xudicial queda, providencialmente, revisado, ca supervivencia do reo. A terceira é a do escepticismo vencido pola probada supervivencia dun animal morto e cociñado; é o milagre do rexurdimento da ave que ven nas vidas dos padres do monacato. A ida e o retorno do pai do protagonista, na piadosa viaxe a Compostela, dan no relato xacobeo a noción do decorrer temporal.

Na cantiga foi mester engadir os elementos mariales: viaxe a Rocamador, devoción do pai, mediación directa de Nosa Señora. Ademáis, o albergueiro é un herexe, aludindo aos albixenses. Non se fala da ave, que é unha galinha en Santo Domingo da Calzada e un galo de Barcelos onde se fixo a leenda, con notas pintorescas: unha localidade no “camiño francés”, e outra no que chamamos “da Rainha Santa”.

Contribuiron á difusión do relato —que tamén se conta antre os de San Gil, de Pierre Guillaume— o “Dialogues Miraculorum” de Cesareo de Heisterbach, o “Speculum” de Vincent de Beauvais e a “Legenda Aurea” de Jacobo de Voragine. Na tradución galega dos “Milagres” consérvase sómentes o comenzo. Outras versións, no señor de Caumont, en Nicolás Bertrand, en Lucio Marineo Sículo... Southey adicoulle un longo poema satírico. Antre as derivacións dramáticas o “Peregrinus Compostellanus” do teatro de colexio, alemán, do XVIII e, do noso tempo, “La farce du pendu dépendu” de Henri Gheon.

A melodía, semigregoriana, ten un aire litúrxico, como axeitado ao espadillamento do tema nas roitas da pelerinaxe.

[E]sta é dū ome bōo que ya con seu fillo en romaría a Santiago e enforcáronill' a torto o fillo en Tolosa e Santa María deullo vivo.

5     *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade,  
que sobr' él se torn' o dano | de quen jura falssidade.*

Desto diréi un miragre | de gran maravill' estranña  
que mostróu Santa María | por un roméu d' Alemania  
que a Santiago yá, | que ést'é padrón d' Espanna,  
e per Rocamador vēo | a Tolosa a cidade.

10    *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

El sobre tóda-las cousas | amava Santa María,  
e porén muit' ameúde | lle rogava e dizía  
que o d' oqueijón guardasse | e seu fillo que tragía,  
pois que Madr' era de Cristus, | que é Deus en Triidade.

232v   *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

E pois entróu en Tolosa, | foi llogo fillar pousada  
en casa dun grand' erege, | non sabend' end' ele nada;  
mas quando o víu a gente, | foi ende maravillada  
e disseron ao fillo: | "Dest' albergue vos quitade."

20    *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

O erege, que muit' era | chēo de mal e d' engano  
e que muitas falssidades | fazía sempre cada ano,  
porque aquel ome bōo | non se fosse dél sen dano,  
fillou un vaso de prata | alá en ssa poridade

25    *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

E meté-o eno saco | do fillo; e pois foi ydo,  
foi tan toste depós eles, | metendo grand' apelido  
que lle levayan seu vaso | de prata nov' e bronido;  
e poi-los ouv' ácalçados | dísse-lles: "¡Estad', estadel!"

30    *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

Os roméus, quand' esto viron, | foron en maravillados,  
ca viron viir o baile | con seus omees armados  
que os prendéu, e tan toste | foron ben escodrunados,  
ata que o vas' acharon | no sac, esto foi verdade.

35    *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

Tan toste que o acharon, | o erege que seu era  
jurou por aquele vaso, | e que llo furtad' ouvera  
o moço que o tragia; | e a justica tan fera  
foi de sanna, que tan toste | diss': "Este moç' enforcade."

40 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

Os seus omées cruees | muit' aginna o fezeron  
e da coita de seu padre | sol mercee non ouveron;  
e depois que o na forca | ante seus ollos poseron,  
el acomendou-l' a alma | aa Sennor de bondade.

45 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

El foi-s' a Santiago, | ú avia prometido;  
e depois aa tornada | non lle foi escaeçudo  
d' ir ú seu fillo leixara | morto, que fora traudo,  
e foy-o muito catando, | chorando con piadade.

50 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

233r E ú él assí chorava, | diss' o fillo: "Ome bôo,  
padre, e non vos matedes, | ca de certo vivo sôo;  
e guárda-m' a Virgen Santa, | que con Deus se eno trôo,  
e me soffréu en ssas mãos | pola ssa gran caridade."

55 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

Quando víu aquél coitado | que seu fill' assí falava,  
foi correndo a Tolosa | e ao baile chamava,  
e ar chamou muita gente, | que alá sigo levava  
que visen seu fillo vivo, | que fora por crueldade

60 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

Posto na forca e morto; | mas non quis a Virgen Santa,  
que aos maos abaixa | e aos bôos avanta,  
e o soffréu en sas mãos | que non colgóu de garganta.  
E disse: "Amigos, ide | toste e o descolgade."

65 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

Fórón-sse log', e con eles | foi seu padre o cativo,  
con coita d'aver seu fillo; | e des que llo mostró vivo,  
descendérono da forca, | e un chorar tan esquivo  
fazían todos con ele, | que mester ouv' ý: "Calade".

70 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

E pois sse calad' ouveron, | contóu-lles todo seu feito  
cóm' estedera na forca | tres meses todos aeito,  
ú a Virgen o guardara, | e a verdade do preito  
lles disse, rogando muito: | "O erege mí chamade,

75 *Por derecho ten a Virgen, | A Sennor de lealdade...*

Que ascondéu no meu saco | o vaso per que prendesse  
eu morte crúa e maa; | porén non quis que morresse  
a Virgen Santa María, | mas guisóu-mi que vivese;  
e porende as loores | deste feit' a ela dade."

80 *Por derecho ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

E logo toda a gente | enviaron a Tolosa  
 polo erég'; e pois vêo | con ssa cara vergoniosa,  
 souberon dél a verdade | e morte perigoosa  
 lle deron dentr' en un fogo, | dizéndo-lí: "Aqui folgade."

85 *Por dereito ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

Esta jostiça tan bôa | a Madre do Josticeiro  
 fez por aquel ome bôo | mui leal e verdadeiro,  
 que lle deu seu fillo vivo, | e o erég' usureiro  
 ar fez que prendesse morte | qual buscóu por ssa maldade.

90 *Por dereito ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

E por aquest', ai, amigos, | démos-lle grandes loores  
 que sempr' acorr' os coitados | e parç' aos peccadores,  
 e a todos faz mercees, | a grandes e a mèores;  
 e porend' os seus miragres | tan nobres muito loade.

95 *Por dereito ten a Virgen, | a Sennor de lealdade...*

#### RÓTULOS DAS MINIATURAS

Cómo un orñe e seu fillo yan en romería a Santyago.  
 Cómo o herege de Tolosa do pousaron meteu un vaso de prata no fardel do fillo.  
 Cómo o herege foy dizer a o bayle como dos romeos lli furtaran o vaso.  
 Cómo o bayle foy tras os romeos e llis disse "estade, estade".  
 Cómo o bayle fez catar o fardel do fillo et acharon y o vaso.  
 Cómo enforcaron o fillo do romeo e Sancta Maria o soteve nas mãos.  
 Cómo o padre compriu ssa romeria a Santyago e fez ssa oraçón.  
 Cómo o padre tornou a Tolosa e foy veer seu fillo e achou-o viv'e sâo.  
 Cómo o padre o foy dizer a o bayle cóm'estava seu fillo na forca vivo.  
 Cómo o bayle foy aló e decéu o romeo da forca.  
 Cómo o bayle foy prender o herege e connocéu ssa trayçón que fezera.  
 Cómo deron a o herege morte qual mereceu pessa maldade.

*N<sup>7</sup> A<sup>7</sup> N<sup>7</sup> A<sup>7</sup> || n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> | n<sup>7</sup> b<sup>7</sup> n<sup>7</sup> a<sup>7</sup> |*  
 α β α γ δ ε δ ε α β α γ

E<sub>2</sub>, 175, f. 232 a-o      E<sub>1</sub>, 175, f. 165 b-o

*Por de - rel - to ten a Vir - gen,*

*que sobr'*

el se torn' o da - no de quen ju - ra  
 fal - ssi - da - de. D'es - to di - rei un mi -  
 ra - gre, de gran ma - ra - vill' es - tra - nna, que mos -  
 trou San - ta Ma - ri - a por un ro - meu d'A - le -  
 ma - nna, que a San - ti - a - go y - a,  
 que es - te Pa - dron d'Es - pa - nna, et per Ro - ca -  
 ma - dor vē - o a To - lo - sa a ci - da - de.

SETE CANTIGAS DE BURLAS DE  
EL REY AFONSO X  
CON REFERENCIAS A PERSOAXES GALEGOS

2. *Был в гостях у*  
  *Кончаловского*  
  *и Михаилом Абдуллаевым*

## O DESAMPARO DE EL-REI

Don Afonso escribe esta cantiga de burlas nun dos intres en que se atopa soio e desasistido pola súa xente. Na mesma liña están: unha alusión na cantiga marital 235, as sátiras 16, 21, 24 e 26 de "Escarño e Maldizer" e o descordo 10, unha das más fondas creacións da poesía galega de todos os tempos.

A situación deuse repetidas veces na súa vida: cando a campaña do 1264 na chamada "traición nazari"; cando as vilas refugaron prestar os seus homes de armas, polo impago das "fonsadeiras"; na desfeita do "fecho do Imperio"; nas revoltas dos fillos e dos nobres...

Pra asinalar a circunstancia e fixar a fecha —Rodrigues Lapa prefire a primeira— sería mester escodriñar o valor dos nomes. Se "Pedro" ven usado como siño de indeterminación persoal —como ao decirmos un "Pedro", un "Joan" calisquera—, os aludidos serán os "galegos", os "españois" e os "galiñas", é decir, os cobardes. Se a presencia de Pero García nos leva a coidar en persoaxes individualizados, éste podería ser Pero García de Aroniz, figura de moito porqué na corte, leal, por certo, ao monarca na revolta dos infantes, ou o trovador burgalés a quen se dirixira Johan Airas de Santiago (EM. 175), cheo de medo a unha dona María, cicáis a Balteira, e a quen se acolléu, en van, o xograr Lourenzo cando o aldraxaban os seus compañeiros. A Pero de España cabería identificalo con Petrus Hispanus, Petrus Juliani, un sobranceiro humanista que cursara estudos en Compostela, recibira grados en París, que andivo na corte de Federico II e foi eleito Papa no 1276 co nome de Joan XXI. Púxose de parte de don Afonso, favorecéu a xestión das trégoas do 1276 con Felipe III de Francia. A cantiga estaría, entón, escrita nun momento en que El-Rei dubidase das axudas. Neste xogo de identificacións, Pero Galego podería ser o erudito fraude franciscán deste nome (1207-1267), que exercéu o posto de confesor na corte, foi o primeiro bispo de Cartagena e supонse un dos redactores das "Partidas". O verso final que podería aludir á fidelidade dos nosos cabaleiros, interpretado como referencia a este personaxe, viría ser como un acollerse de don Afonso ás cousas do espírito, cando as do mundo lle fallaban, ou diría que o que ía necesitar era dun fraude que o confesase. Na riola destas pouco probables interpretacións, se a cantiga se referise á rebelión de don Sancho, o xogo do nome "Pedro" tería a connotación do outro infante, cuia insumisión tanto o fería.

A leitura como referencia ao refugamento de acudir ás algaras somella a más dourada. Agás do seu valor histórico o escarño é unha xentil mostra da poesía de burlas de tipo tradicional.

Pero que ei ora mēngua de companha,  
nen Pero Garcia nen Pero d'Espanha  
nen Pero Galego non irá começo.

E ben vo-lo juro par Santa Maria:  
5 que Pero d'Espanha nen Pero Garcia  
nen Pero Galego non iran cōmego.

Nunca cinga espada con bōa bainha,  
se Pero d'Espanha nen Pero Galinha  
nen Pero Galego for ora cōmego.

10 Galego, Galego, outren irá começo.

(CBN. 472 = CB. 365. Ed. EM. 2)

## GARCÍA PÉREZ CRITICA O VESTIR DE DON AFONSO

Ésta é a única ocasión en que figura nos Cancioneiros o trovador García Pérez (EM. 150). Moita confianza podía ter co Rei pra “tensoar” facendo a burla dun seu tabardo ou plumacho de variegadas e cicáis macias coores: a prenda criticada é unha “pena veira”. O cantor tiña de ser un outo persoaxe. Somella certeiro reconécer nel ao Sarmiento, Conde de Ribadavia e de Santa Marta de Ortigueira, “Merino mayor” de Galicia, Alcaide de Zamora, casado cunha irmá de Pai Gómez Chariño; a outra, dona María, desposara con Johan García de Villamayor. Os dous gozaron da privanza de don Afonso i emparentaron ca familia real. Poidera ser, tamén, García Pérez “el de los libros”, que despóis se atopa na cancelaría de Sancho IV. Menos probabilidades ofrecen outros homónimos: un despenseiro, un ceboleiro... que andan nos rexistros.

El-Rei discúlpase: nunca quixera traer, en corte, unha prenda de tal xeito; son tempos que non dan vagar pra a escolla de adobíos elegantes: “Estas guerras nos fazen bulir”. O cortesán propónlle que a tire a un basureiro; o monarca retruca que será mellor darlla a un “coteife”, un soldado vilán.

Coido que se non trata dun sinxelo xogo de maldizer, senón dunha tensión “escarniña”. Esa “pena veira”, posta sobre dun “bon pano”, que se non tira senón que se dá a uns denostados escudeiróns, non fidalgos, que fuxían diante as hostes dos árabes, pode ter un dobre senso, e mesmo aludir a un mando militar que debería ser relevado.

— Úa pregunt' ar quer' a el-Rei fazer,  
que se sol ben e aposto vistir:  
por que foi el pena veira trager  
velh' an bon pan'; e queremos riir  
5 eu e Gonçalo Martíiz, que é  
ome muit' aposto, per bôa fé,  
e ar queré-lo-emos en cousir.

— Garcia Pérez, vós ben cousecer  
podedes: nunca de pran foi falir  
10 en querer eu pena veira trager  
velha en corte, nen na sol cobrir;  
pero de tanto ben a salvarei:  
nunca me dela en corte paguei,  
mais estas guerras nos fazen bulir.

15 — Senhor, mui ben me vos fostes salvar  
de pena veira, que trager vos vi;  
e, pois de vós a queredes deitar,  
se me creverdes, faredes assi:  
mandade logu' est' e non aja i al:  
20 deita[de-a] logu' en un muradal,  
ca peior pena nunca d' esta vi.

— Garcia Pérez, non sabedes dar  
bon conselho, per quanto vos oí,  
pois que me vós conselhades deitar  
25 en tal logar esta pena; ca, s'i  
o fezesse, faria mui[to] mal;  
e muito tenh' ora que mui mais val  
en dá-la eu a un coteif aqui.

(CBN. 465 = CB. 357. Ed. EM. 150)

## PAI GÓMEZ CHARIÑO CONVERSA CO REI SOBRE OS “XANTARES”

O noso Almirante-trovador é un egrexio poeta, dino de universal nombradía. Como mariño, guerreiro e político serviu a tres monarcas e foi vítima das loitas que entebreceron a sucesión de Sancho IV. Non era soio un lírico de “cantigas de amor” e “de amigo”; a súa etopeia do Rei, na comparanza do poder e o mar, póno tamén en cabeza da poesía civil galega do seu tempo. E da libertade expresiva, frente a frente con don Afonso, dá testemuña esta tensón, que á letra refírese á pasión do rei pola boa mesa e, no trasfondo, ao tema do cobro dos “xantares”.

Non tódolos autores concordan na persoa do Rei, xa que os códices calan o nome, mais, non temos proba algunha de que Sancho “el Bravo” cultivase a poesía e menos en galego-portugués, e tendose suscitado a cuestión dos xantares de León no tempo de don Afonso podemos acoller, sen reservas, a tese dos que lle apoñen estas estrofas.

Veleiquí as razóns. El-Rei declara, abertamente, que houbo monarcas más conqueridores e de meirande poder; ningún como el que tivese tanto pracer de comer “quando lhi dan bon jantar”, é decir, meirande necesidade de cobrar fortes impostos. Os “herdeiros”, di o almirante, referíndose aos Infantes, queren estar defendidos respecto ao “foro de León”, que eximía á cidade do pago. E podemos, por elo, asinalar unha data conxetural pra a “tensón”. O 23 de abril de 1271, don Afonso, atopándose en Palencia, recibiu carta do Infante don Fernando manifestando que cobrara xantares en terra de León, sen saberen os privilexios que sobre elo tiñan os bispos de aquela diócese. Don Afonso, o día 25, rexista Ballesteros, dirixiu cartas ao Prelado asegurando que non volverían a ser tomados os xantares aos seus vasalos. A este feito debe referirse a conversa versificada.

— Úa pregunta vos quero fazer,  
senhor, que mi devedes afazer:  
por que viestes xantares comer,  
que óme nunca de vosso logar  
5 comeu? [E] esto que pode seer,  
ca vej’ ende os erdeiros queixar?

— Pa[al] Gómez, quero-vos responder,  
por vos fazer a verdade saber:  
ouv’ aqui reis de maior poder  
10 [en] conquerer e en terras gaanhar,  
mais non quen ouvesse maior prazer  
de comer, quando lhi dan bon jantar.

— Senhor, por esto non digu' eu de non,  
de ben jantardes, ca é gran razon;  
15 mai-los erdeiros foro de Leon  
querran vosco, por que an pavor  
d' aver sobr' elo convosco entençon  
e xe lhis parar outr' ano peior.

— Pa[a]ji Gómez, assi Deus mi pardon,  
20 mui gran tempo' á que non foi en Carrion  
nen mi deron meu jantar en Monçon;  
e por esto non sôõ pecador  
de comer ben, pois mi o dan [i] en don,  
ca de mui bon jantar ei gran sabor.

(CBN. 1624; CV. 1158. Ed. EM. 305)

## MESTRE JOAN A SÚA VOZ E A BOA MESA

En dous escarños, *El-Rei* fai a burla de “Mestre Joan”. Nun (EM. 19) xoga ca bisemia “ter voz”, no senso da aptitude pra o canto, ou de tela ou non nunha custión xurídica. Pídelle, pois quérleo ben, que non “teña voz” nas festas de Natal, nin da Ascensión nin en outras do Señor ou dos santos, pois o Arcebispo quererá prendarlle todo o seu. Na “fiinda”, aguda de máis, aconsella que deixe a “maa voz” porque non deben “ter voz” nin rapaz nin judeo.

Na outra (EM. 20), *El-Rei* amostra os desexos, emparellados, do bon xantar pra ele e do bon e curto canto do “Mestre Joan”, na eirexa: “Boa comida de Pascua” e son “ligeiro” de cantar; “bon salmón” e pequeno evanxeo; manxares sabrosos e xurdio canto de remate; “bon vinho de Ouréns” e bon “o cunctipotens”.

Pretendín eu a identificación co “Magister Johanes”, organista, testigo dunha venda na rúa dos Zapateiros de Ourense. Mellor podería ser o Joan Nicolás ou Nicolao, médico e cantor, que aparez nas cantigas de Airas Pérez Vuiturom (CV. 1096), Pero de Ambroa (CB. 441) e Afonso de Cotón (CV.1116). A mestura das ideias do canto e da mantenza poden suxerirnos a ideia de que o músico pretendera rexir a dieta do Rei cas súas prescripcións. E terían más lóxica as comparanzas, e tamén a acusación racial, se fora un converso ou descendente, que se sospeitara aborrecido pola participación no canto litúrxico e que non debera facer demasiadas reclamacións nin trameterse a gobernar de máis, contra os gostos e os possibles excesos gastronómicos de don Afonso.

Nada desto somella encaixar ca ideia de Pellegrini de que Mestre Joan fose Joan Afonso, dito tamén Joan Peláez, membro moi nomeado do Cabido compostelán, Arcediago de Trastámarra, notario de El-Rei, capelán do Pontífice, embaixador diante del pra o “fecho del Imperio”, dende o 1263, e que foi un dos eleitos pra o Arcebispado de Santiago no 1268.

É graciosa a “cantiga de escarño” de tipo tradicional, cas graciosas inclusións latinas; cicáis con triple senso a da estrofa derradeira.

Quero-vos ora mui ben conselhar,  
meestre Joan, segundo meu sen:  
que, macar preit' ajades con alguien,  
non queirades con el en voz entrar,  
5 mais dad' a outren que tenha por vós;  
ca vossa onra é [a] todos nós  
e quantos nós avemos per amar.

E pero se a quiserdes tēer,  
nōna tenhades per ren ant' el-rei;  
10 e direi-vos ora por que o ei:  
por que nunca vo-lo vej[o] fazer  
que vo-lo non veja teer assi  
que, pero vos el-rei queira des i  
ben juïgar, non á end' o poder.

15 E ainda vos conselharei al,  
por que vos amo [mui] de coraçon:  
que nunca voz en dia d'Acenson  
tenhades, nen en dia de Natal,  
nen doutras festas de Nostro Senhor  
20 nen de seus santos, ca ei gran pavor  
de vos vūr mui toste deles mal.

Nen ar na egreja non vos consellh' eu  
de teer voz, ca vos non á mester;  
ca, se peleja sobr' ela ouver,  
o arcebispo, voss' amigu' e meu,  
a quen o feito do sagrado jaz,  
e a quen pesa do mal, se s' i faz,  
querrá que seja quanto avedes seu.

25 E, pol' amor de Deus, estad' en paz  
30 e leixade maa voz, ca rapaz  
sol nōna dev' a tēer nen judeu.

(CBN. 489; CV. 72. Ed. EM. 19)

Com' eu en dia de Páscoa queria ben comer,  
assi queria bōõ son [e] ligeiro de dizer  
pera meestre Joan.

5 Assi com' eu queria comer [i] de bōõ salmon,  
assi queria ao Avangelho mui pequena paixon  
pera meestre Joan.

Assi como queria comer que me soubesse ben,  
assi queria bōõ son [d]e *seculorum amen*  
pera meestre Joan.

10 Assi com' eu beveria [do] boo vinho d' Ourens,  
assi [eu] queria bōõ son de [O] *cunctipotens*  
pera meestre Joan.

(CBN. 490; CV. 73. Ed. EM. 20)

## DON AFONSO RESPONDE A UNHA “DEMANDA” DE JOHAN AIRAS

O compostelán Johan Airas, un dos máis vizosos poetas dos Cancioneiros, deixounos oitenta e dúas cantigas e traballóu nas tres liñas líricas cun xeito anovador. Andivo “en cas’ d’ El-Rei” dende os tempos de San Fernando e gozou da amistade de don Afonso. Dirixiuse a el nunha cantiga, fogosa e dialéctica, de tema amoroso, anque algunha vez tense comentado e gabado como si tivera un contido político (CV, 605; CBN, 1015):

Meu senhor Rei de Castela  
vénho-me vos querelar:  
eu amei ūa donzela  
por que m’ ouvistes trovar,  
e con quen se foi casar,  
por quant’ eu dela ben dixi,  
querm’ ora por en matar.

Na “fiinda” atópase a “famigerada” apelación ao monarca lusitano:

Se me justiça non val  
ante Rei tan justiciero,  
ir-m’ ei ao de Portugal.

A cantiga do Rei Sabio que recollemos (EM. 3) é, como xa notou Gassner, unha cumprida resposta á “demanda” de Airas. O seu consello foi como unha licencia pra emigrar, dada sentindo un desapegado menosprecio. A finxida ameaza dun trovador de se extrañar pra acudir ou pra servir a outro señor é un “topos” de poesía áulica, e a resposta, corrente dentro da dialéctica palatina. Trátase dun “joc”, dunha “tensón” desenvolta en dúas cantigas que enlazan cunha serie “de amigo”, tamén representable, dramáticamente.

Polo que di á “demanda” (EM. 175) prantexa, dun xeito moi orixinal, os riscos do “amor cortés”, cando o marido non cree na limpa altura dos pensamentos do namorado, alleo a todo carnal anceio. O trovador acóllese ao amparo rexio frente aos ciúmes. Macías o Namorado e Otelo serían despois os prototipos da vítima e do verdugo nos xogos de amor.

Don Airas, pois me rogades  
que vos dia meu conselho,  
direi-vo-lo en concelho:  
por ben tenh' eu que vaades  
5        mui longe de mi e mui con meu grado.

E porem bon conselho ar  
non dou [a] vós con estar peior,  
ca vos conselh' eu o melhor:  
que vaades ora morar  
10        mui longe de mi e [mui] con meu grado.

Conselho vos dou d' amigo;  
e sei, se o vós fezerdes  
e me daquesto creverdes,  
morar[e]des ú vos digo:  
15        mui longe de mi e mui con meu grado.

(CBN. 473 = CB. 366. Ed. EM. 3)

### PERO DA PONTE, APRENDIZ DO DEMO

Dous fortes denostos de don Afonso endereitáronse contra Pero da Ponte. Nun trátao de plaxario, neste o combate —el, o autor da impía cantiga “Fun eu poer a man...”— de ter incurrido en herexia. É posible que o motivo fosen os prantos, en especial o feito pola morte de don Tello Afonso de Meneses, onde xoga o “topos” da queixa contra Deus.

De outra parte, a sátira ten tamén o seu aspecto literario. El-Rei acusa ao cantor de que non trova como proençal, senón como Bernardo de Bonaval, que non é “trovar natural”, “pois que o del e do Dem'aprendestes”. Enténdese que o aprendido do Demo non son somentes as irreverencias, más ou menos estereotípicas, senón o xeito de trovar. Como Da Ponte non é, de certo, un reaccionario na súa poética, El-Rei trata, con seguranza, de ferilo no seu amor propio de home do seu tempo. E na fiinda alude a aquel mal viño que o fixera matar e despoxar —literariamente— a Cotón, outro poeta da escola tradicional. Nestes versos a mención de Vila Real oferesa unha data; a cantiga ten de ser posterior ao 1255 en que Pozuelo Seco recibiu este nome, trocado hoxe no de Ciudad Real. Queda un pouco lonxe da que teñen os prantos con hipórbolas blasfematorias.

Pero da Ponte, pare-vos en mal  
per ante o Demo do fogo infernal,  
por que con Deus, o padre spiritual,  
minguar quisestes, mal per descreestes.

5       E ben vej' ora que trobar vos fal,  
          pois vós tan louca razon cometestes.

E pois razon [a]tan descomunal  
fostes filhar, e que tan pouco val,  
pesar-mi-á en, se vos pois a ben sal  
10     ante o Diaboo, a que obedecestes.

E ben vej' ora que trobar vos fal,  
          pois vós tan louca razon cometestes.

Vós non trobades come proençal,  
mais come Bernaldo de Bonaval;  
15     por ende non é trobar natural,  
          pois que o del e do Dem' aprendestes.

E ben vej' ora que trobar vos fal,  
          pois vós tan louca razon cometestes.

E poreñ, Don Pedr', en Vila Real,  
20     en mao punto vós tanto bevestes.

(CBN. 487; CV. 70. Ed. EM. 17)

## PERO DA PONTE E O SEU CRIME LITERARIO

Xogan nesta cantiga os nomes de dous troveiros galegos do tempo de El-Rei Sabio: Pero da Ponte e Afonso do Cotón. O escarño vai ao primeiro que é un dos más importantes da nosa escola lírica, cicáis pontevedrés, de Noia ou de Pontedeume, escudeiro do monarca, cantor áulico, cultivador de tódolos xéneros, en obra longa e de moi variegadas matizacions.

El-Rei trátao con moito cumprido, dándolle o “don” e cílpao de ter dado morte ao trovador de Negreira, Afonso do Cotón, autor de tres cantares de amigo, na forma inxenua, e de moitas e rexoubeiras cantigas de burlas. Da Ponte podería consideralo, como dí Nunes, non somentes amigo, senón mestre.

A cantiga de don Afonso, tomada á letra, sería a denuncia de que Pero da Ponte dera morte a Cotón e despóis roubara e fillara, como seus, os cantares. Que fora entendido deste xeito, é increíble en boa crítica, mais tense repetido como certo, e por moi sesudos eruditos. Menéndez Pidal puxo de resalte o senso bulrista da acusación. Con seguranza Pero da Ponte fachendeaba de ser un poeta “a la page”, e don Afonso que a tiña tomada escontra del acusábaoo de “seguir” e mesmo plaxiar a mestres da vella escola: Cotón, Bonaval... Este é o senso do rexoubeiro escarño.

Pero da Ponte á feito gran pecado  
de seus cantares, que el foi furtar  
a Coton, que, quanto el lazerado  
ouve gran tempo, el xos quer lograr,  
5 e doutros muitos que non sei contar,  
por que oj' anda vistido e onrado.

E poreñ foi Coton mal dia nado,  
pois Pero da Ponte erda seu trobar;  
e mui mais lhi valera que trobado  
10 nunca ouvess' el, assi Deus m' ampar,  
pois que se de quant' el foi lazerar  
serve Don Pedro e non lhi dá en grado.

E con dereito seer enforcado  
deve Don Pedro, por que foi filhar  
15 a Coton, pois-lo ouve soterrado,  
seus cantares, e non quis en[de] dar  
ñū soldo pera sa alma quitar  
sequer do que lhi avia emprestado.

20 E porend' é gran traedor provado,  
de que se já nunca pode salvar,  
come quen a seu amigo jurado,  
bevendo con ele, o foi matar:  
todos polos cantares del levar,  
con os quaes oj' anda arrufado.

25 E pois non á quen no poren retar  
queira, seerá ôi-mais por min retado.

(CBN. 485; CV. 68. Ed. EM. 20)






## REXISTRO

	<i>Páxs.</i>
<b>AFONSO X E GALICIA .....</b>	5
<i>A infancia de don Afonso .....</i>	7
<i>El-Rei non ven a Galicia .....</i>	8
<i>O “código” da Terra de Santiago .....</i>	8
<i>O desvío de don Afonso .....</i>	8
<i>Afonso X e Compostela .....</i>	9
<i>Temas galegos na poesía afonsí .....</i>	12
<i>Galegos e portugueses na corte .....</i>	12
<i>O uso do galego por Afonso X .....</i>	14
<b>A ESCOLMA. Observacións .....</b>	16
<b>SETE MIRAGRES DE GALICIA</b>	
<i>O labrego defendido pola Virxe. Armenteira (CM. 22) .....</i>	19
<i>A tolleita de Lugo (CM. 77) .....</i>	23
<i>Bruxería e miragre en Caldas de Reis (CM. 104) .....</i>	26
<i>Unha cesárea accidental. Terra de Santiago (CM. 184) .....</i>	30
<i>Nosa Señora de Ribela quer aceite do bó (CM. 304) .....</i>	34
<i>O escudeiro arreitado. Santa María do Monte (CM. 317) .....</i>	37
<i>Santa María do Viso sanda un azor (CM. 352) .....</i>	41
<b>DOUS MIRAGRES UNIVERSÁIS QUE TAMÉN TEÑEN LOCALIZACIÓN GALEGA</b>	
<i>A monxa refugá suprida pola Virxe (CM. 94) .....</i>	47
<i>O monxe e a paxariña celestial (CM. 103) .....</i>	53
<b>DOUS MIRAGRES DA PELERINAXE A COMPOSTELA</b>	
<i>O romeiro de Santiago que se fanóu a natura (CM. 26) .....</i>	59
<i>O aforcado descolgado (CM. 175) .....</i>	64

DO CANCIONEIRO DE ESCARÑO E MALDICER

<i>O desamparo do Rei. "Pero que ei ora mengua"</i> (EM. 2) .....	71
<i>Garcia Pérez critica o vestir de don Afonso. "Ua pregunta quer ar faceer a El-Rei"</i> (EM. 150) .....	73
<i>Pai Gómez Chariño conversa co Rei sobre os "xantares". "Ua pregunta vos quero fazer"</i> (EM. 305) .....	75
<i>Mestre Joan a súa voz e a boa mesa. "Quero-vos ora ben conselhar"</i> (EM. 19) e <i>"Com eu en día de Pascoa"</i> (EM. 20)	77
<i>Don Afonso responde a unha "demanda" de Johan Airas. "Don Airas, pois me rogades"</i> (EM. 3) .....	79
<i>Pero da Ponte, aprendiz do demo. "Pero da Ponte pare-vos en mal"</i> (EM. 17) .....	81
<i>Pero da Ponte e o seu crime literario. "Pero da Pont'a feito gran pecado"</i> (EM. 20) .....	82

Rematouse de imprentar  
nos talleres de "Artes Gráficas Galicia, S. A.",  
rúa Segovia, 15, de Vigo,  
o día 17 de maio do 1980,  
DÍA DAS LETRAS GALEGAS







REAL  
G  
A

3

Bib

AGA  
ALEG  
CORU

liot